Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago realizado pola Universidade de Santiago de Compostela

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26714 (10/POC-004347)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre a proposta da Xunta de Galicia para a celebración dos vinte e cinco anos desde a declaración do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26716 (10/POC-004348)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o balance da actividade inspectora desenvolvida no ano 2017 pola Área de Inspección Turística da Axencia Turismo de Galicia, así como os datos referidos á aprobación do Plan de inspección turística para o ano 2018

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26719 (10/POC-004349)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para valorar positivamente os datos da Enquisa de poboación activa referidos ao ritmo de creación de emprego, así como ao incremento da poboación activa en Galicia no cuarto trimestre de 2017, as políticas activas de emprego aplicadas nese ano e previstas para o ano 2018, e os resultados que se pretende acadar

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26727 (10/POC-004350)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co impacto que tería a posible retirada pola Unión Europea a partir do ano 2020 dos fondos de cohesión que está a recibir Galicia, así como o deseño dalgunha estratexia para evitar e, se é o caso, compensar esa perda
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26799 (10/POC-004351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallo nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26803 (10/POC-004352)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino, a súa afección nos recursos hídricos da zona e as medidas previstas para evitar a súa repetición no futuro

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26806 (10/POC-004353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación co nivel de perigosidade que presenta a estrada N-550, A Coruña-Tui, en varios puntos, e nomeadamente ao seu paso polos concellos de Vilaboa e Pontevedra, así como sobre as demandas que vai realizar ao Goberno central respecto disto e o prazo previsto para creación da Mesa Galega da Bicicleta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26813 (10/POC-004354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación co posible incumprimento no Castelo de Ameixenda, na ría de Corcubión, do réxime de visitas do público establecido na normativa vixente para os bens de interese cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26817 (10/POC-004355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co intento de venda do Pazo de Meirás polos actuais propietarios, as actuacións previstas para evitala

e a fase na que se atopan os traballos da Comisión de expertos creada para analizar os posibles procedementos para o seu pase ao patrimonio público, así como o prazo estimado para a emisión do correspondente informe

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26819 (10/POC-004356)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego referidas á reconsideración da súa actual posición de publicar o Plan forestal de Galicia sen contar coas achegas do sector, das entidades sociais afectadas, dos sindicatos e dos partidos políticos, así como a súa opinión respecto da necesidade de debatelos e aprobalo finalmente no Parlamento de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía ao seu acceso**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, consonte o artigo 87.2 da Constitución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía debe ser entendida como un ben público, e como tal, a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando concepcións que a sitúan como unha mera mercancía. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía, debe ter a concepción de servizo público, porén na actualidade constitúe no Estado español un mercado opaco e escuro, o que provoca que o prezo final da enerxía eléctrica sexa un dos máis elevados de Europa.

Este elevado prezo xunto co incremento das desigualdades experimentado nos últimos anos derivadas do empeoramento da capacidade económica das clases populares por causa das políticas económicas impulsadas ten provocado un forte incremento das persoas que padecen pobreza enerxética, e neste sentido cómpre garantir que as mesmas non poidan ver cortado o seu subministro eléctrico con independencia das medidas complementarias a desenvolver.

Por outra banda, é preciso un impulso claro das enerxías renovábeis, co obxecto de impulsar un desenvolvemento sustentábel e de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos para o Estado Español nesta materia, do mesmo xeito que é



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

precisa unha nova regulación que favoreza o autoconsumo, xa que, estando sustentado en enerxías renovábeis cun alto grado de maduración, pode e debe ser unha alternativa de futuro aos actuais sistemas de xeración de enerxía eléctrica, para o cal necesita o marco acaído para desenvolverse.

Ademais, é necesario adecuar a lei eléctrica ás diferentes realidades territoriais, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que a lexislación debe compensar. Deste xeito, a proposición de lei muda a actual tarifa única para o Estado, deseñando un prezo asociado á situación de territorio excedentario ou deficitario, de xeito que nos territorios excedentarios, este feito repercuta positivamente na economía dese territorio mediante unha tarifa eléctrica menor.

Así, a presente proposición de lei pretende adaptar a política enerxética a estas concepcións. Baixo estes eixos, esta proposición de lei conta cun único artigo que modifica diferentes aspectos da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

O apartado Un modifica a exposición de motivos da lei, xa que se define o subministro de enerxía eléctrica como un servizo público e suprimense varios parágrafos que suprimen o réxime especial (renovábeis, coxeración e residuos), que é onde teñen competencias as Comunidades Autónomas.

Do mesmo xeito, establécese no apartado 2 que o tratamento que debe recibir o subministro de enerxía eléctrica é o de servizo público, xa que na redacción actual, mercantilízase dito tratamento. Para o Bloque Nacionalista Galego, o subministro de enerxía debe considerarse como un servizo público; neste sentido, este Proxecto de Lei aínda rebaixa máis a concepción da Lei 54/1997, que o consideraba un servizo esencial.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

O punto Tres establece a participación das CCAA na regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica, en base ao marco competencial existente.

O punto Catro contempla que, dentro da planificación das necesidades de nova potencia para satisfacer a demanda, debe terse en conta a obriga de fomento das enerxías renovábeis. Así o punto Cinco trata de asegurar que os plans en materia de enerxías renovábeis e de eficiencia enerxética que elabora o goberno deben elaborarse en todo caso, asegurando o cumprimento dos obxectivos obrigatorios xa establecidos.

Unha nova regulación do autoconsumo de xeito que sexa viábel o seu desenvolvemento, con diversas modificacións entre as que destaca a introdución do balance neto aparece contemplada no apartado Seis.

O apartado Sete suprime determinados custos do sistema eléctrico, xa que é necesario reformularse si estes custos deben ir na tarifa eléctrica, o que a encarece, ou ben deben formar parte dos Orzamentos Xerais do Estado como calquera outra política industrial.

O apartado Oito propón unha modificación co obxectivo mudar o actual sistema de custos marxinais no sistema de oferta e demanda do mercado maiorista, que é motivo do encarecemento da tarifa eléctrica. Así preténdese avanzar cara a un sistema de custos recoñecidos diferenciados para cada tecnoloxía do sector eléctrico, do mesmo xeito que se recolle para as actividades de produción ás instalacións non peninsulares no artigo 14.6.b), facendo especial incidencia nos sobreingresos que reciben as nucleares e grandes hidráulicas debido ao actual sistema.

O fomento das enerxías renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos non debe ter carácter excepcional, senón que debe ser a actuación que a seguir polo Goberno, de cumprírense os requisitos establecidos no apartado Nove.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

O apartado Dez establece que o prezo da tarifa eléctrica nun territorio teña en conta a súa situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercutir positivamente na tarifa dese territorio e asumir así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce a xeración eléctrica.

O contemplado nos apartados Once e Doce pecha a posibilidade de que determinadas comunidades, por ter impostos propios ás instalacións de produción eléctrica, acaben pagando a luz máis cara que outras CCAA que apenas producen electricidade.

As modificacións que contén o apartado Trece adecúan a o texto lexislativo ao artigo 16.2.c) da Directiva 2009/28/CE, que obriga a dar prioridade de despacho ás instalacións de xeración que utilicen fontes de enerxía renovábeis, sen que permita esixir que iso só teña lugar “a igualdade de condicións económicas no mercado”.

No apartado Catorce establécese que non poderá ser suspendido o subministro de enerxía eléctrica aos consumidores acolleitos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas último recurso por falta de pago, no caso de que os membros da unidade familiar están en paro ou teñen ingresos máis baixos que o salario mínimo interprofesional, ao tempo que se determina que será a Administración Xeral do Estado quen asuma o custo económico de tal disposición.

Por último, o apartado Quince incorpora unha nova Disposición Adicional, a vixésimo primeira, onde se establece o procedemento para substituír o actual sistema de poxas de interrompibilidade e por unha tarifa industrial que sexa predicíbel e estábel no tempo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Artigo único. Modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Un. Modificacións na Exposición de Motivos.

1. Modifícase a primeira frase do primeiro parágrafo da Exposición de motivos I., quedando redactado como segue:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público, pois...”
(continúa igual)

2. Suprímense os parágrafos 26, 27, 28 e 30 exposición de motivos, II,

Dous. No apartado 2. do artigo 2 propónse a seguinte redacción:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público”.

Tres. No apartado 3. do artigo 2., propónse a seguinte modificación na redacción:

“3. Corresponde ao Goberno Central, ás Comunidades Autónomas e ás Administracións Públicas a regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Así mesmo, o operador do mercado e o operador do sistema terán as funcións que expresamente se lle atribúan”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Catro. Modifícase a letra a) do apartado 3 do artigo 4., quedando a súa redacción do seguinte xeito:

“a) Con carácter indicativo, varios escenarios sobre a evolución futura da demanda eléctrica incluíndo unha análise de sensibilidade en relación coa posíbel evolución da demanda ante cambios nos principais parámetros e variábeis que a determinan e unha análise dos criterios que conducen á selección dun escenario como o máis probábel. Sobre o escenario seleccionado analizaranse os recursos necesarios para satisfacela e sobre as necesidades de nova potencia, todo iso en termos que fomenten un adecuado equilibrio entre a eficiencia do sistema, a seguridade de subministro, o desenvolvemento das enerxías renovábeis e a protección do medio ambiente”.

Cinco. Engádese un novo punto, o 5., ao artigo 5., quedando a súa redacción da seguinte forma:

“5. Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores, o Goberno aprobará plans relativos ao aproveitamento enerxético das fontes de enerxía renovábeis e de eficiencia enerxética no sector eléctrico, ao obxecto de impulsar a crecente incorporación das enerxías renovábeis e de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos para o Estado Español nestas materias”.

Seis. Modifícase a redacción do artigo 9, quedando redactado da seguinte maneira.

“Artigo 9. Autoconsumo de enerxía eléctrica.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

1. Aos efectos desta lei, entenderase por autoconsumo o consumo de enerxía eléctrica provinte de instalacións de xeración conectadas no interior dunha rede dun consumidor, ou a través dunha liña directa de enerxía eléctrica asociada a un consumidor, ou de varios consumidores a quen pertenza mancomunadamente a instalación de xeración, e ao apoio que a esta se puidese dar desde un sistema de almacenamento de enerxía eléctrica, de natureza electroquímica, ou calquera outra que se acepte mediante o desenvolvemento normativo desta lei.

2. O Goberno establecerá regulamentariamente as distintas modalidades de autoconsumo, así como as condicións administrativas e técnicas para a conexión á rede das instalacións de autoconsumo.

Non existirá límite de potencia máxima instalada ou contratada, salvo no caso de varios consumidores a quen pertenza mancomunadamente a instalación de xeración no que a potencia máxima instalada e contratada non poderá ser superior a 10 MW.

Así mesmo, para garantir a sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico, estableceranse os cupos de potencia máxima que, anualmente, poderán existir de instalacións de xeración e consumidor ou consumidores asociados en réxime de autoconsumo.

3. Os consumidores en réxime de autoconsumo non estarán suxeitos aos peaxes de acceso ás redes e cargos asociados aos custos do sistema, previstos no artigo 16 desta Lei, respecto da electricidade producida pola súa instalación de xeración asociada e que autoconsuman.

En todo caso, estes consumidores en réxime de autoconsumo deberán abonar, respecto dos excedentes de electricidade vertida ás redes de transporte e distribución, así como da electricidade consumida desde esas redes, as mesmas peaxes de acceso ás



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

redes e cargos asociados aos custos do sistema que correspondan ao resto de consumidores e produtores non suxeitos ao réxime de autoconsumo.

O Goberno establecerá regulamentariamente, como medida de fomento do autoconsumo, a regulación do balance neto, consistente en descontar, en cómputo anual, o valor económico da enerxía excedentaria vertida á rede pola instalación do consumidor en autoconsumo do importe das peaxes de acceso ás redes e cargos asociados aos custos do sistema que deba abonar cada ano.

4. Os consumidores acolleitos ás modalidades de autoconsumo de enerxía eléctrica terán a obrigação de inscribirse no rexistro administrativo de autoconsumo de enerxía eléctrica, creado para ese efecto no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Reglamentariamente establecerase polo Goberno a organización, así como o procedemento de inscrición e comunicación de datos ao rexistro administrativo de autoconsumo de enerxía eléctrica”.

Sete. No apartado 3., do artigo 13., suprímense as letras b), c, d), e), f), f) e h).

Oito. Modifícase a redacción da letra a) do punto 5. o artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:

“a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Este concepto retributivo definirase considerando as perdas incorridas nas redes e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas”

Nove. Modifícase a redacción do punto 7. do artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:

“7. O Goberno poderá establecer un réxime retributivo específico para fomentar a produción a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos, cando exista unha obrigaón de cumprimento de obxectivos enerxéticos derivados de Directivas ou outra normas de Dereito da Unión Europea ou cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético e da dependencia enerxética exterior.

Este réxime retributivo, adicional á retribución pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, estará composto por un termo por unidade de potencia instalada, que cubra, cando cumpra, os custos de investimento dunha instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da enerxía e un termo á operación que cubra, no seu caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado de produción de devandita instalación tipo.

Para o cálculo de dita retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada:

a) Os ingresos estándar pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

b) Os custos estándar de explotación.

c) O valor estándar do investimento inicial.

Como consecuencia das singulares características dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, poderán definirse excepcionalmente instalacións tipo específicas para cada un deles.

O réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que permitan competir ás instalacións en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías no mercado e que posibiliten obter unha rendabilidade razoábel por referencia á instalación tipo en cada caso aplicábel. Esta rendabilidade razoábel virará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das Obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado. Excepcionalmente o réxime retributivo poderá incorporar ademais un incentivo ao investimento e á execución en prazo determinado cando a súa instalación supoña unha redución significativa dos custos nos sistemas dos territorios non peninsulares. Este réxime retributivo será compatíbel coa sustentabilidade económica do sistema eléctrico de acordo co disposto no artigo 13 e estará limitado, en todo caso, aos obxectivos de potencia que se establezan na planificación en materia de enerxías renovábeis e de aforro e eficiencia.

A enerxía eléctrica imputábel á utilización dun combustíbel nunha instalación de xeración que utilice como enerxía primaria algunha das enerxías renovábeis non consumíbeis non será obxecto de réxime retributivo específico, salvo no caso de instalacións híbridas entre fontes de enerxía renovábeis non consumíbeis e consumíbeis, nese caso a enerxía eléctrica imputábel á utilización da fonte de enerxía renovábel consumíbel si poderá ser obxecto de réxime retributivo específico.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

A estes efectos, por orde do Ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicarase a metodoloxía para o cálculo da enerxía eléctrica imputábel aos combustíbeis utilizados”.

Dez. Modifícase a redacción do segundo parágrafo da letra b) do apartado 1. do artigo 16, que pasa a ter o seguinte tenor literal:

“As peaxes e cargos así calculados serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción”.

Once. Suprímese o apartado 4 do artigo 16.

Doce. Suprímese o apartado 6 do artigo 17.

Trece. Modificacións no artigo 25.

1. No apartado 1., engádese un segundo parágrafo co seguinte tenor literal:

“A utilización deste mecanismo será repercutida entre todas as tecnoloxías de produción do sector eléctrico, de forma proporcional á súa achega ao sistema, sen que poida penalizar exclusivamente a unha determinada tecnoloxía”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

2. Substitúese o establecido no apartado 2. polo seguinte parágrafo:

“2. A enerxía eléctrica procedente de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovábel e, tras elas, a das instalacións de coxeración de alta eficiencia, terá prioridade de despacho, sen prexuízo dos requisitos relativos ao mantemento da fiabilidade e a seguridade do sistema, e con arranxo a criterios transparentes e non discriminatorios, nos termos que regulamentariamente se determinen polo Goberno”.

Catorce. Modificacións no artigo 52.

1. A letra j) do punto 4. queda redactada do seguinte xeito:

“j) Nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente, aqueles subministros a consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas último recurso por falta de pago, si todos os membros da unidade familiar están en paro ou teñen ingresos máis baixos que o salario mínimo interprofesional”.

2. O último parágrafo do punto 4. queda redactado da seguinte maneira:

“Salvo no suposto previsto no parágrafo j) as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargos ou afectar os pagos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministros vinculados a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ao abono das facturas correspondentes a devanditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribúise a estes pagos. A asunción dos custos derivados do parágrafo j) serán asumidos pola Administración Xeral do Estado nos termos nos que se estipule regulamentariamente”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Quince. Disposición Adicional vixésimo primeira. No prazo de tres meses dende a aprobación da presente lei, el Gobierno substituirá el actual sistema de poxas de interrompibilidade e presentará unha proposta de tarifa industrial que sexa predicíbel e estábel no tempo.

Disposición adicional única

O Goberno aprobará as modificacións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento da presente Lei no prazo de tres meses dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición Final Primeira

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808
Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 24/2013, DE 26 DE DECEMBRO, DO SECTOR ELÉCTRICO PARA O IMPULSO DA ELECTRICIDADE COMO UN BEN PÚBLICO E DE GARANTÍA AO SEU ACCESO

Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 17:32:21

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 17:32:26



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:33
Nº Rexistro: 26808



Data envío: 22/02/2018 17:33:22.315

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 17:32:29

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 17:32:30

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 17:32:32

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 17:32:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal, que levan tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación.

Xunto coas deficiencias na infraestrutura do novo bloque de hospitalización, tales como a falta de mortuorio, cociña ou xunto cas deficiencias de persoal, de carácter xa estrutural pero agudizadas coa ampliación xa que o Goberno non da cumprimento á cobertura de camas acordada, a Unidade de Coidados Paliativos está a sufrir o mesmo destino, chegando incluso a unha situación de ilegalidade en tanto que non cumpre o acordado la Lei 5/2015 de coidados paliativos que nace co obxectivo principal de respecto á calidade de vida e dignidade das persoas enfermas terminais, estipulando entre outras cousas, que as institucións sanitarias garantirán as mellores condicións relativas ao confort, pudor e intimidade así como o dereito a estancia nunha habitación individual.



Con todo, a nova localización da Unidade de Coidados Paliativos, no é a máis axeitada para este tipo de unidade, presentando unha deficiencia da calidade asistencial como por exemplo coa diminución do número de camas e polo tanto de habitacións dobres sen que por outra banda se potencie o servizo a domicilio coas dotacións axeitadas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Que coñecemento ten a Xunta de Galicia sobre o incumprimento da Lei de coidados paliativos na Unidade de Coidados Paliativos do CHUO?
- Que pensa facer a Xunta de Galicia para poñer solución a esta deficiencia na calidade asistencial das e dos pacientes desta unidade?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:22:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria.**

Na anterior lexislatura, concretamente no pleno do 6 de maio de 2015, foi aprobada por unanimidade, a Proposición Non de Lei Doc.núm. 32617(09/PNP-002391) co seguinte enunciado:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a traspasar as competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS en conformidade co establecido na Disposición Adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde do 2003”

Sen embargo, pese a tratarse dunha iniciativa que goza do respaldo unánime do Parlamento e de instar ao cumprimento dunha Disposición establecida nunha norma con rango de Lei, que tutela un Dereito de gran importancia como é a saúde das persoas privadas de liberdade, a Xunta de Galicia en nada informou a este Parlamento sobre os trámites ou xestións realizadas para dar cumprimento a dita proposición.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Cales son as xestións que realizou a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Proposición de Lei aprobada sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria?

-

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:31:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

A Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, nace co obxectivo principal de garantir o respecto á calidade de vida e a dignidade das persoas enfermas terminais, identificando como factores determinantes da calidade de vida compoñentes como o benestar físico, psicolóxico ou socioeconómico.

Atópanse entre os principios básicos da Lei, a protección da dignidade da persoa no proceso final da súa vida así como a salvagarda da intimidade, confidencialidade, liberdade e vontade así como o dereito a recibir coidados paliativos integrais.

Neste sentido, resulta de especial transcendencia artigos como o 11, no que se estipula que as persoas en fase terminal teñen dereito a que se lles proporcionen os coidados paliativos no lugar que, tendo en conta as súas preferencias sexa o máis axeitado ás súas circunstancias persoais, familiares e sociais, así como a necesidade de implantar este tipo de coidados na atención domiciliaria ou a creación da Comisión Galega de Coidados Paliativos como instrumento encargado da implantación, impulso e seguimento do Plan Galego de Coidados Paliativos en todas as áreas sanitarias.

Nun sentido parecido en canto as preferencias e circunstancias se refire, o artigo 9.2 da norma, recolle a necesidade de que os centros e institucións sanitarias e socio-sanitarias garantan as mellores condicións relativas ao confort, pudor e



intimidade así como o dereito á estancia nunha habitación individual, salvo que circunstancias excepcionais o xustifique.

Con todo, vivimos actualmente un desmantelamento paulatino e programado da sanidade pública, polo que moitos dos dereitos asistenciais da poboación galega están sendo atacados polas políticas do Goberno en materia de sanidade. Os dereitos recollidos nesta Lei non son menos e tanto pacientes como profesionais están a denunciar incumprimento de preceptos legais contidos na norma.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Que seguimento está a facer a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento da Lei?
- Que din os informes la Comisión Galega de Coidados Paliativos sobre a implantación e seguimento do Plan Galego de coidados paliativos nas áreas sanitarias?
- Cales son as adaptacións que fixo o Sistema Público de Saúde para integrar os coidados paliativos de maneira estruturada e homoxénea no territorio?
- Que medidas está tomando a Consellería para garantir a atención sanitaria legalmente establecida?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2018 18:40:39

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nestes días soubemos que o xefe do servizo de Oftalmoloxía das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés deixará o seu cargo cando remate este mes de febreiro e que o motivo principal desta dimisión está na saturación do servizo pola acumulación de pacientes con cataratas. A propia dirección do CHOP reconece que hai un problemas coas listas de agarda para as intervencións de cataratas (porque a xente é cada vez maior) e que existían “*algunhas cuestións de funcionamento que se deberían resolver*”.

O curioso é que se lle pediron solucións ao xefe de servizo, este deu a súa (fundamentalmente que se habilitasen quirófanos polas tardes, de maneira extraordinaria), pero a Xerencia desbotouna, suponse que porque implicaba máis recursos. Iso si, despois da manifestación de milleiros de persoas en Santiago de Compostela en contra da reforma das áreas sanitarias, o Sergas non escatimou ningún recurso para colocar unha pantalla de plasma na entrada do Hospital Montecelo, na que se contan as “bondades” do sistema.

O certo é que, como consecuencia da dimisión do xefe de servizo de Oftalmoloxía, os números nas listas de agarda xa non parecen cadrar e pode haber unhas 1800 persoas máis das que o Sergas contaba, o que semella certo maquillaxe.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Hai saturación do Servizo de Oftalmoloxía das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés pola acumulación de pacientes con cataratas?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Sabe a Xunta de Galicia para que lle pediu a Xerencia do CHOP solucións ao xefe de servizo se logo non as tivo en conta?
3. Que medidas de mellora propuxo a Xerencia do CHOP para a xestión e organización das consultas?
4. Está en marcha a adhesión do Servizo de Oftalmoloxía destas áreas sanitarias ao protocolo de inclusión en lista de agarda cirúrxica para catarata? Se a resposta fose positiva, como está a funcionar?
5. Cando prevé o Goberno que se vai cubrir a vacante no servizo?
6. Que vai pasar mentres cos pacientes pendentes das operacións de cataratas?
7. Sabe o Goberno galego se os números reais das listas de agarda dan como resultado, a día de hoxe, unhas 1800 persoas máis das que o Sergas contaba?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/02/2018 10:35:31

María Luisa Pierres López na data 16/02/2018 10:35:37

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2018 10:35:41

Noela Blanco Rodríguez na data 16/02/2018 10:35:47

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Luís Manuel Álvarez Martínez deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O pasado 11 de febreiro conmemorouse por segundo ano consecutivo o Día das Mulleres e as Nenas na Ciencia, día proclamado pola ONU para visibilizar a existencia de desigualdades de xénero no ámbitos da ciencia e da investigación, e impulsar o acceso e a participación plena e equitativa das mulleres e as nenas nestas materias.

Os datos avalan o mantemento das desigualdades de xénero no ámbito da ciencia. Por exemplo, segundo o último informe *Científicas en Cifras*, elaborado polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, as mulleres supoñen o 39% da comunidade científica española, unha porcentaxe que non mudou apenas na última década, o que pon de manifesto a inmovilidade que padecemos nesta cuestión, pero ademais indica como a muller vai desaparecendo a medida que ascendemos na xerarquía científica. Os postos de responsabilidade están ocupados por homes. A presenza das mulleres, ese 39%, se basea na aparición das mulleres nos postos iniciais da carreira científica, polo tanto nos postos menos influentes e menos remunerados. Ascender segue a ser tan difícil como o era fai décadas.

E isto a pesar de que a muller é maioría entre o alumnado universitario, aínda que con notables diferencias entre áreas de coñecemento, tamén en número de egresados e incluso mantén porcentaxes moi apreciáveis na primeira fase da carreira científica, a partir de aquí a muller vai desaparecendo.

Grupo Parlamentario

En Galicia percíbese a mesma realidade da presenza das mulleres nos primeiros pasos da ciencia e a investigación e a diminución posterior.

Tamén no noso país a porcentaxe das mulleres nos PDI vai facéndose menor a medida que elevamos o rango académico, e tamén observamos unha forte diferenza da presenza da muller segundo as áreas de coñecemento. Tan só o 29,3% das persoas matriculadas nos estudos técnicos e experimentais das universidades galegas, son mulleres. Isto significa un problema importante porque nestas áreas é onde se invisten máis recursos de I+D e está previsto que serán as que cren máis empregos e de maior calidade nos próximos anos, polo que as desigualdades actuais están coartando as oportunidades laborais das mulleres no futuro.

É claro que esta infrarepresentación da muller na ciencia e na investigación ameaza os obxectivos científicos de acadar a excelencia, ademais de representar un malgasto de recursos, e dende logo unha inxustiza.

A Unión Europea, que leva moito tempo preocupada por este tema, mantén que os poderes públicos teñen a obriga de afondar nas razóns desta realidade así como poñer en marcha políticas activas para cambiala.

Estas políticas deben ser transversais e teñen que ser lideradas pola Xunta de Galicia.

O goberno presidido por Emilio Pérez Touriño foi o primeiro impulsor de políticas moi activas en torno á muller e a ciencia, pero temos que dicir que dende 2009 estas accións se retardaron, e parece que o pouco que se fai se realiza con escaso convencemento, e ca mínima ou nula participación das Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria, cuxas accións deberían ser fundamentais para a consecución da igualdade da muller no eido da ciencia, a investigación e a innovación.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Que accións se están levando a cabo por parte da Xunta de Galicia para conseguir reducir a desigualdade entre homes e mulleres nos campos da ciencia e da investigación?

2ª.) Como valora a situación en Galicia das mulleres en todos os ámbitos das ciencias, a investigación e a innovación?

3ª.) Como valora a presenza e as oportunidades reais da muller nos ámbitos da investigación e innovación no sector privado de Galicia?

4ª.) Que medidas considera a Xunta de Galicia que deben ser impulsadas para conseguir unha maior presenza en condicións igualitarias das mulleres no ámbitos científico e tecnolóxico tanto no sector privado como público ?

5ª.) Que papel están tendo as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Economía, Emprego e Industria na consecución da igualdade entre homes e mulleres nos campos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/02/2018 10:41:26

María Luisa Pierres López na data 16/02/2018 10:40:49

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/02/2018 10:42:31



 **Grupo Parlamentario**

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/02/2018 10:40:30

Noela Blanco Rodríguez na data 16/02/2018 10:41:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Luís Manuel Álvarez Martínez deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4ª. Educación e Cultura.**

O pasado 11 de febreiro conmemorouse por segundo ano consecutivo o Día das Mulleres e as Nenas na Ciencia, día proclamado pola ONU para visibilizar a existencia de desigualdades de xénero no ámbitos da ciencia e da investigación, e impulsar o acceso e a participación plena e equitativa das mulleres e as nenas nestas materias.

Os datos avalan o mantemento das desigualdades de xénero no ámbito da ciencia. Por exemplo, segundo o último informe *Científicas en Cifras*, elaborado polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, as mulleres supoñen o 39% da comunidade científica española, unha porcentaxe que non mudou apenas na última década, o que pon de manifesto a inmovilidade que padecemos nesta cuestión, pero ademais indica como a muller vai desaparecendo a medida que ascendemos na xerarquía científica. Os postos de responsabilidade están ocupados por homes. A presenza das mulleres, ese 39%, se basea na aparición das mulleres nos postos iniciais da carreira científica, polo tanto nos postos menos influentes e menos remunerados. Ascender segue a ser tan difícil como o era fai décadas.

E isto a pesar de que a muller é maioría entre o alumnado universitario, aínda que con notables diferencias entre áreas de coñecemento, tamén en número de egresados e incluso mantén porcentaxes moi apreciáveis na primeira fase da carreira científica, a partir de aquí a muller vai desaparecendo.

Grupo Parlamentario

En Galicia percíbese a mesma realidade da presenza das mulleres nos primeiros pasos da ciencia e a investigación e a diminución posterior.

Tamén no noso país a porcentaxe das mulleres nos PDI vai facéndose menor a medida que elevamos o rango académico, e tamén observamos unha forte diferenza da presenza da muller segundo as áreas de coñecemento. Tan só o 29,3% das persoas matriculadas nos estudos técnicos e experimentais das universidades galegas, son mulleres. Isto significa un problema importante porque nestas áreas é onde se invisten máis recursos de I+D e está previsto que serán as que cren máis empregos e de maior calidade nos próximos anos, polo que as desigualdades actuais están coartando as oportunidades laborais das mulleres no futuro.

É claro que esta infrarepresentación da muller na ciencia e na investigación ameaza os obxectivos científicos de acadar a excelencia, ademais de representar un malgasto de recursos, e dende logo unha inxustiza.

A Unión Europea, que leva moito tempo preocupada por este tema, mantén que os poderes públicos teñen a obriga de afondar nas razóns desta realidade así como poñer en marcha políticas activas para cambiala.

Estas políticas deben ser transversais e teñen que ser lideradas pola Xunta de Galicia.

O goberno presidido por Emilio Pérez Touriño foi o primeiro impulsor de políticas moi activas en torno á muller e a ciencia, pero temos que dicir que dende 2009 estas accións se retardaron, e parece que o pouco que se fai se realiza con escaso convencemento, e ca mínima ou nula participación das Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Economía, Emprego e Industria, cuxas accións deberían ser fundamentais para a consecución da igualdade da muller no eido da ciencia, a investigación e a innovación.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que

 Grupo Parlamentario

asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Que accións está levando a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para conseguir a igualdade entre homes e mulleres na ciencia e na tecnoloxía?

2ª.) Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a situación en Galicia das mulleres en todos os ámbitos das ciencias, a investigación e a innovación?

3ª.) Que medidas considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que deben ser impulsadas para conseguir unha maior presenza en condicións igualitarias das mulleres nos ámbitos científico e tecnolóxico?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 16/02/2018 10:45:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/02/2018 10:45:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/02/2018 10:45:58

Noela Blanco Rodríguez na data 16/02/2018 10:45:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/02/2018 10:45:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 26330
Data envío: 16/02/2018 11:22:32.936

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A 6 km da Catedral de Santiago de Compostela, a cabalo entre as parroquias de Grixoa e Fecha, atópase o “Complexo Ambiental Miramontes”, situado na antiga canteira de extracción de áridos de Miramontes (UTM: X: 534.960, Y: 4.754.778).

Ao amparo do Plan de restauración do Espazo Natural Canteira de Miramontes, o “Complexo Ambiental Miramontes” desenvolve no espazo da canteira dúas actividades de xestión e valorización de residuos que teñen como fin a restauración deste Espazo Natural. Por un lado, a UTE EYREGA (constituída polas empresas SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L., GESTAN MEDIOAMBIENTAL S.L. e ULLATRANS TRANSPORTE Y LOGISTICA SL) xestiona un vertedoiro de residuos industriais “non perigosos” aproveitando o oco da explotación de cuarzo e, por outro lado, a firma TECNOSOLOS GALAICOS S.L., encargada da recuperación da cuberta vexetal de todo o espazo afectado pola explotación de áridos, mediante a elaboración e aplicación de tecnosolos derivados de residuos.

Desde a Plataforma de Afectados por este vertedoiro véñense observando e denunciando múltiples incumprimentos e irregularidades por parte das empresas xestoras do vertedoiro e da pranta de tecnosolos. Algúns son apreciables a simple vista



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 26330
Data envío: 16/02/2018 11:22:32.936

como a súa desafortunada localización nunha orografía elevada, cercano en demasía a núcleos de poboación, escasa protección perimetral... Outras irregularidades teñen a ver coa contaminación orixinada polas actividades do Complexo Ambiental e á escasa investigación relativa ós controis garantistas dos niveis de contaminación e da boa praxe das empresas que operan no mesmo.

Ata o día de hoxe non se realizaron estudos analíticos profundos nin calicatas ó vaso do vertedoiro, porén xa se teñen realizados estudos e calicatas ó material elaborado pola planta de tecnosolos.

Un total de 20 probas realizadas por organismos competentes da Xunta de Galicia e do Concello demostraron que o material elaborado pola empresa de tecnosolos non pode ser catalogado como tecnosolos, senón que continúan a ser residuos, pois, a mala elaboración dos mesmos dexenerou nunha estrutura anómala con contidos en sustancias perigosas superiores ós límites legais permitidos.

As 20 mostras de “tecnosolos”, das cales 17 xa estaban aplicadas sobre o terreo, superaban amplamente niveis xenéricos de referencia para a protección da saúde humana e para os ecosistemas. De feito, as 17 mostras de “tecnosolos” aplicados sobre o solo superan os límites permitidos en metais pesados e hidrocarburos, polo que nas propias actas de inspección os técnicos refírense a estes como “material procedente de residuos” en vez de empregar o termo “tecnosolos”.

Os incumprimentos conseguen ir máis lonxe e rozar o absurdo. A día de hoxe, segundo informacións subministradas pola Xunta de Galicia nas súas inspeccións, non se pode saber con certeza o tipo de residuos que se atopan nas diferentes capas do vaso do vertedoiro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 26330
Data envío: 16/02/2018 11:22:32.936

Ademais, nas actas de inspección reflíctese que neste vertedoiro de residuos industriais non perigosos, está entrando unha gran cantidade de residuos domésticos, cunha gran carga de humidade e carbono orgánico disolto, o que xerará unha maior cantidade de gases nun futuro, constituíndo unha fonte de problemas para a poboación que habita máis preto do vertedoiro. Estamos a falar de vivendas a menos de 400 metros do vertedoiro, e varias aldeas a menos de 1 quilómetro.

Hai máis de 140 denuncias rexistradas dos veciños e veciñas das parroquias colindantes que se atopan nun radio de menos de 3 quilómetros do vertedoiro. Este feito constatado, incluso por autoridades públicas como a Policía Autonómica entre outros, pon de manifesto a preocupación fundada polos posibles efectos prexudiciais dos gases xerados, ao tempo que xeran unha situación de inhabitalidade insostible e inxusta para as persoas afectadas.

Denunciamos así mesmo os incumprimentos demostrados, reiterados e abusivos realizados polas empresas que operan no Complexo Ambiental Miramontes e que demostraron en numerosas ocasións a nula intención de subsana-las irregularidades incluso cando organismos oficiais da Xunta de Galicia lles notificaron prazo (xa finalizado) de seis meses para facelo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que medidas ten pensado tomar o Goberno galego a respecto das irregularidades e ilegalidades manifestas do vertedoiro de Miramontes?

-Que medidas ten pensado tomar o Goberno galego a respecto da recuperación do espazo da canteira para subsana-las deficiencias e axusta-lo mesmo á idea orixinal de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 26330
Data envío: 16/02/2018 11:22:32.936

enche-los ocos que faltan con restos da extracción mineira empregando un recubrimento de terra vexetal?

-Vista a desastrosa xestión da planta de tecnosolos cal cre o goberno galego debera se-lo futuro da mesma?

-Que ten pensado facer co material elaborado e o xa acumulado e pendente de elaboración?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/02/2018 11:14:19

María Montserrat Prado Cores na data 16/02/2018 11:21:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 11:22
Nº Rexistro: 26330
Data envío: 16/02/2018 11:22:32.936

Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2018 11:21:45

Olalla Rodil Fernández na data 16/02/2018 11:21:46

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2018 11:21:48

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2018 11:21:49

A Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade Política Social e Emprego.**

O pasado 28 de novembro, o conselleiro de Política Social participou no seminario sobre o senfogarismo en Galicia, organizado pola Xunta de Galicia e a Cruz Vermella coa finalidade de avanzar no deseño de novas políticas que dean resposta ás necesidades e demandas das persoas sen fogar.

O Conselleiro indicou que a Xunta está preparando o Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia que será participado e que no mesmo terán un papel relevante as entidades de iniciativa social e institucións que traballan coas persoas sen fogar, tendo como paso previo a elaboración dun estudo.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as conclusións do estudo que ten efectuado a Xunta de Galicia como paso previo á elaboración dun Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 12:24:27

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2018 12:24:39

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/02/2018 12:24:47

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 12:24:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/02/2018 12:25:00

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 12:25:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/02/2018 12:25:15

Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2018 12:25:24

Sandra Vázquez Dominguez na data 16/02/2018 12:25:33

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O pasado 17 de xaneiro a Conselleira do Mar visitaba a nova instalación en frío da lonxa de Meira, no Concello de Moaña. Unha nova cámara frigorífica da que se poderá beneficiar todo o sector pesqueiro e marisqueiro desa zona.

O edificio conta cunha cámara de conservación, outra de conxelación, un equipo produtor de xeo, etc..

Esta foi unha das 67 obras executadas nos últimos anos en distintos portos galegos, ao abeiro das axudas para equipamentos portuarios que promove a Consellería do Mar con cargo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para financiar investimentos en portos pesqueiros.

A maiores, o DOGA publicaba o pasado 16 de xaneiro de 2018 unha nova orde de axudas para modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque e das lonxas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consisten as axudas para equipamentos portuarios convocadas pola Consellería do Mar para este ano 2018?
2. Que balance fai das axudas en equipamentos portuarios durante o anterior período FEMP e cales foron as obras máis importantes levadas a cabo?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:12:38

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:12:55

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:13:12

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:13:21

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:13:38

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:13:47

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:13:54

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia vén experimentando nos últimos anos un constante incremento da actividade comercial e na recepción de tránsitos náuticos, especialmente despois de uns anos complicados con motivo da crise económica.

Sabemos que a xestión do ente público Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a compatibilidade entre a máxima rendibilidade económica do organismo e a atención de calidade ás necesidades do sector marítimo portuario.

A maiores, as lonxas da nosa comunidade levan experimentando uns datos moi positivos nas últimas anualidades. No tinxinte ao tráfico comercial, resulta fundamental analizar os datos dos movementos nesta anualidade, porque ademais son a proba acreditativa do crecemento da actividade económica.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai Portos de Galicia do número de tráfico de mercadorías rexistrados nos 122 peiraos de titularidade autonómica entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:15:53

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:16:03



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:51
Nº Rexistro: 26352
Data envío: 16/02/2018 13:51:28.804

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:16:11

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:16:19

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:16:27

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:16:37

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:16:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector marítimo-pesqueiro continúa sendo un dos sectores puxantes da economía galega. Segundo datos dos servizos estatísticos da Xunta, os sectores extractivo, acuícola e transformador empregan conxuntamente en Galicia a preto de 19.000 persoas, representando aproximadamente o 55% do emprego total pesqueiro en España e o 10% no conxunto da UE.

No que respecta á descarga e comercialización de peixe e marisco fresco supón un importante pilar deste sector, e neste tramo da cadea económica consolídase unha das principais características do noso eido marítimo pesqueiro como é a ampla distribución xeográfica e laboral da actividade.

O ano 2016 produciuse un rexistro histórico de facturación no que se refire á primeira venda en lonxa. Pero o certo é que as lonxas da nosa comunidade levan experimentando uns datos moi positivos nas últimas anualidades, unha vez rematada a crise económica.

O traballo para acadar un incremento das cotas nas especies obxectivo da nosa flota, ou o novo modelo de xestión para o Cantábrico e Noroeste, que permite o desembarco nos nosos portos do peixe que se pesca neste litoral son factores que teñen incidido nestes bos datos, entre outros aspectos.

Rematado xa o 2017 cómpre facer balance de cal foi a evolución das descargas e facturación dos peixes e mariscos que pasaron polas lonxas galegas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal foi a evolución das descargas e facturación de peixe fresco nas lonxas galegas durante o ano 2017 atendendo ás distintas modalidades de pesca?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:18:35

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:18:47

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:18:53

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:18:59

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:19:06

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:19:15

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:19:20

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector marisqueiro ten un peso socioeconómico moi importante en moitas zonas do noso litoral xa que é unha actividade que da emprego a moitos homes e especialmente a moitas mulleres da nosa costa.

O permiso de explotación é requisito fundamental para poder exercer esta actividade con todas as garantías. Sabemos que as prazas sempre se convocan despois de comprobar a súa viabilidade nos informes técnicos e sempre tendo en conta a compatibilidade e sustentabilidade dos recursos e os criterios socioeconómicos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cantos novos PERMEX foron convocados para este 2018?
2. Que valoración fai o Goberno galego da evolución do número de permisos de explotación marisqueira con respecto ao ano pasado?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:21:05

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:21:14

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2018 13:21:21

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:21:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:21:33

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:21:42

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:21:47

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A ría de Noia é fonte de riqueza para o sector marisqueiro e concretamente o berberecho constitúe un dos produtos con maior produción.

No últimos anos, a marteilia afecta a esta especie de xeito que fai minguar a súa produción, pero tamén é certo que dente os biólogos da Consellería do Mar traballan para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Non obstante, existe unha recuperación do berberecho, e xa no ano 2015 o valor da produción do berberecho en Noia era o máis alto dende 2008, acadando os 10,9 millóns de euros de facturación.

O prezo medio do bivalvo supera ao da campaña pasada nesta mesma época de finais de ano.

Coñecemos que dende a Confraría de San Bartolomeu están a desenvolver un proxecto que, con cargo a fondos europeos, a través do Grupo de Acción Local Costa Sostible, pretende a comercialización do berberecho noiés etiquetado cun selo de calidade.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consiste o proxecto levado a cabo pola Confraría de Noia que busca un etiquetado para o berberecho cun selo de calidade?
2. Cal é a achega económica a este fin por parte da Consellería do Mar?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:23:59

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:24:13

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:24:19

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:24:25

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:24:37

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:24:45

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:24:51

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A situación de Galicia no mapa, mirando ao mar, aporta importantes beneficios ao sector pesqueiro pero tamén implica que se poida ver afectada polo elevado tráfico marítimo ao estar próximo a un corredor polo que circulan grande número de mercantes, algúns deles con materiais perigosos que en ocasións poden poñer en risco as nosas costas. Pero esta contaminación non só pode vir do lado do mar, senón tamén por terra, chegando aos nosos mares a través dos cauces dos ríos e regatos.

A nosa Comunidade Autónoma pasa por ser a única que posúe un Plan Territorial de continxencias por contaminación mariña accidental, denominado comunmente como plan CAMGAL, unha previsión que de xeito regulado a través do Decreto 135/2016 do 6 de outubro, achega unha resposta áxil e coordinada ante un eventual caso de contaminación.

Un dos obxectivos deste plan é o de dar resposta e prepararse da mellor maneira posible para atender un accidente de estas características. Para acadar este fin véñense desenvolvendo unha serie de exercicios de adestramento nos que participan en coordinación os corpos de distintas administracións, como son Salvamento Marítimo, Garda Civil, Gardacostas de Galicia, as autoridades portuarias e as policía locais ou agrupacións de Protección Civil de distintos concellos costeiros que se poden ver afectados por unha situación de alerta por contaminación. Pero tamén existen outros organismos como o Intecmar ou empresas privadas que participan nestes dispositivos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal foi o número de prácticas de adestramento para a loita contra a contaminación desenvolvidas nos últimos anos?
2. Concretamente, ¿En que consistiron?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:26:43

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:26:55

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2018 13:27:03

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:27:08

Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2018 13:27:17

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:27:24

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:27:30

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Todos sabemos que o marisqueiro é un sector de grande importancia para as localidades costeiras galegas, que aporta importantes beneficios ás economías locais.

O DOG publicaba o pasado 9 de febreiro unha convocatoria de axudas para a rexeneración de bancos marisqueiros, a disposición daquelas confrarías de pescadores que o soliciten.

Somos conscientes que para este Goberno é unha prioridade aumentar a superficie dos nosos bancos así como mellorar a calidade das augas para acadar unha mellora nas zonas de produción.

De feito, a conselleira visitaba recentemente varios bancos marisqueiros, como por exemplo en Redondela ou en Camariñas, para coñecer de primeira man estas labores de rexeneración que, con axudas públicas da Consellería do Mar, levan a cabo os pósitos e asociacións de mariscadoras.

Por todo elo, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consisten estas axudas recentemente publicadas no DOG para a rexeneración de bancos marisqueiros?
2. Cal é a evolución nos últimos anos dos espazos recuperados para o marisqueo?
3. Que obxectivos baralla a Consellería do Mar de aquí a 2020?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:53
Nº Rexistro: 26362
Data envío: 16/02/2018 13:53:39.442

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:29:27

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:29:36

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:29:44

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:29:49

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:29:56

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:30:04

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:30:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O DOG publicaba o pasado 7 de febreiro deste ano unha convocatoria de axudas para empresas de pequeno e mediano tamaño que se dediquen ao sector da transformación de produtos da pesca e da acuicultura.

Un sector que ten moito potencial en Galicia, xa que por exemplo, no pasado 2017, a industria transformadora e comercializadora de produtos da pesca xerou 7.000 millóns de euros.

Coa habilitación deste tipo de axudas, este goberno busca modernizar tecnoloxicamente os procesos de produción e distribución das pequenas e medianas empresas de cara a facelas máis competitivas no mercado e conseguir un maior nivel de diversificación e diferenciación da oferta.

Dada a importancia de seguir apoiando e fomentando ás empresas do sector da transformación de produtos da pesca, é polo que os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consisten concretamente as axudas que habilita a Consellería do Mar ao sector da transformación para este ano?
2. Que valoración fai da evolución destas axudas ao longo dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:31:44

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:31:52



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:54
Nº Rexistro: 26364
Data envío: 16/02/2018 13:54:06.189

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:31:59

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:32:04

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:32:11

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:32:19

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:32:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Instituto Español de Oceanografía é unha organización pública de investigación, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade, dedicada á investigación en ciencias mariñas, especialmente en relación co coñecemento científico dos océanos, a sustentabilidade dos recursos pesqueiros e o medio mariño.

Ademais, o IEO representa a España na maioría dos foros científicos e tecnolóxicos internacionais relacionados co mar e os seus recursos.

O IEO ten nove centros por todo o territorio nacional, dos cales en Galicia podemos atopar dous: o de Vigo, que ven de celebrar o centenario desde a súa creación, e o de A Coruña.

A conselleira do Mar, Rosa Quintana mantivo recentemente unha xuntanza co director do Instituto Español de Oceanografía (IEO), Eduardo Balguerías na que intercambiaron diferentes aspectos sobre o traballo da Unidade Técnica de Pesca de Baixura, dependente da Consellería do Mar e o IEO.

Somos plenamente conscientes da importancia da relación entre ambas institucións, que se fundamenta principalmente na transferencia de coñecemento e en traballar xuntos e coordinados na defensa do sector do mar de Galicia e dos seus profesionais.

Por todo o dito, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que consiste o traballo levado a cabo pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura?
2. Que valoración fai o Goberno galego desta colaboración co Instituto Español de Oceanografía?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:33:58

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:34:11

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:34:17

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:34:23

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:34:30

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:34:38

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:34:43

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar dispón de catro centros educativos nos que se imparte formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo.

Nestes centros, os alumnos poden obter formación para capitán de pesca, patrón nas súas diversas modalidades, mariñeiro pescador, mariscador/a, percebeiro/a, entre outros. A todo isto, hai que sumarlle a formación non regrada que ten lugar nos diferentes portos galegos.

A principios deste ano, a Conselleira do Mar visitaba a aula de seguridade da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol, na cal puido comprobar de primeira man os adestramentos para situacións de supervivencia e loita contra incendios.

Sabemos que a formación dos profesionais do sector pesqueiro é unha prioridade deste Departamento e nesta liña estase a traballar, por iso, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1. Cal é a oferta formativa nos centros de formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo para o longo deste ano?
2. Cal é o orzamento previsto para este fin?
3. Que valoración fai da evolución do número de matrículas nestes centros de formación e nos portos galegos?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26368
Data envío: 16/02/2018 13:55:03.798

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:36:24

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:36:33

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:36:39

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:36:44

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:36:52

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:37:00

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:37:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Mexillón de Galicia (*Mytilus galloprovincialis*) é un molusco bivalvo que presenta unha característica forma lonxitudinal de machada, en punta e grosa no extremo anterior, e longa moi afiada no posterior. A súa cuncha está formada por dúas valvas iguais de carbonato cálcico, cubertas externamente por unha capa de cor negro azulado, onde se poden observar unhas liñas concéntricas denominadas estrías de crecemento.

A vinculación de Galicia co mexillón é un feito do que se teñen noticias dende as primeiras poboacións celtas e romanos, tamén no século XVIII, cando partían dende as rías galegas con destino á corte dos Austrias pequenos barrís de ostras e mexillóns, somerxidos en “escabeche real”. Pero foi en 1945 cando se fondea a primeira batea, comezando así o cultivo do mexillón, e que se ten convertido ademais na nosa acuicultura máis importante, porque cando dicimos acuicultura, estámonos a referir a que na actualidade, o sector do mexillón, dentro do eido da acuicultura galega, configura un conglomerado de empresas produtoras, transformadoras e comercializadoras que aportan un total de 400 millóns de euros, xerando máis de 10.000 postos de traballo no litoral galego.

En febreiro deste ano, a secretaria xeral de Pesca participaba en Bruxelas nun foro sobre acuicultura na Unión Europea, onde compartiu experiencias con representantes doutras administración dos distintos Estados Membros xunto a científicos e investigadores, no que abordaron exemplos de boas prácticas no eido da acuicultura, e tamén as necesidades e retos da actividade na UE.

Galicia aportou o seu saber no ámbito do mexillón, destacando o seu potencial.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26370
Data envío: 16/02/2018 13:55:30.674

Que medidas ten tomado a Xunta de Galicia para potenciar o cultivo de mexillón reforzando a súa trazabilidade e favorecendo a innovación neste sector que lle permita un óptimo aproveitamento dos fondos FEMP?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:40:56

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:41:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:41:14

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:41:19

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:41:27

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:41:34

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:41:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O mar é un elemento que define e caracteriza boa parte da riqueza da nosa particular “terra” e ademais é unha fonte de recursos moi prezada, pois arredor del configúrase un sector primario estratéxico a nivel económico, social e tamén cultural.

Galicia sempre foi unha potencia pesqueira e segue a ter na pesca un dos seus piares económicos que engloba non só á actividade propiamente extractiva, senón tamén a miticultura, a piscicultura, o marisqueo, a conserva e os transformados.

Sen embargo, coincidindo coa entrada na Unión Europea, a flota pesqueira entrou nunha dinámica de adelgazamento motivada en boa parte pola asunción das cotas de pesca que limitaban o esforzo pesqueiro dunha potencia neste ámbito como era Galicia.

Sabemos que a Consellería do Mar traballa día a día para precisamente que a nosa flota obteña maiores cotas de pesca e tamén somos conscientes da aposta que pola formación se fai dende este Departamento, así como das axudas existentes para adquisición de novas embarcacións.

Por todo o dito, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan o relevo xeracional no sector pesqueiro?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:43:20



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26372
Data envío: 16/02/2018 13:55:54.326

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:43:29

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2018 13:43:35

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:43:41

Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2018 13:43:48

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:43:56

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:44:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O pasado 11, 12 e 13 de decembro de 2017 tivo lugar o Consello de Ministros de Pesca da UE no cal se estableceron os TACs e cotas para este ano 2018, que como cada ano se celebra por estas datas en Bruxelas.

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, acudía en representación das comunidades autónomas e da man da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.

O desenlace destas negociacións é determinante para a frota pesqueira porque dela se derivan as posibilidades de pesca para todo un ano.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados no último Consello de Ministros de Pesca da UE para 2018?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:45:38

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:45:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:45:54

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:46:00

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:46:07

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:46:15

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:46:21

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

As axudas a acuicultura estrutúranse en tres liñas que son as seguintes: para proxectos de investimentos produtivos, para proxectos que incrementen a eficiencia enerxética, e por último, para a obtención de servizos de asesoramento no ámbito da acuicultura.

Estas axudas véñense convocando con carácter anual e coñecemos que para o ano 2017 houbo 62 axudas para mellorar en empresas acuícolas por un importe superior aos 2,8 millóns de euros.

O que cómpre deixar claro unha vez máis é que o principal destino destas axudas segue a ser o sector bateeiro, xa que en 2017 o 75% destes fondos foron para o sector miticultor.

Con todo, o DOG publicaba o pasado 18 de xaneiro de 2018 unha nova orde para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a contía da convocatoria de axudas destinadas a proxectos acuícolas?
2. En que consisten estas axudas máis polo miúdo?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:56
Nº Rexistro: 26376
Data envío: 16/02/2018 13:56:46.029

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:48:05

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:48:13

María Ángeles García Míguez na data 16/02/2018 13:48:19

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:48:25

Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2018 13:48:32

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:48:39

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:48:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En decembro de 2016 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba na Cámara galega unha batería de iniciativas para preguntar ao Goberno galego polo risco, segundo denunciaban os traballadores de Adif, da reestruturación do servizo de venda de billetes de tren en sete estacións galegas: catro delas, na provincia de Ourense, unha na contorna de Vigo, outra no Baixo Miño e outra máis no sur de Lugo. Por elas pasan cada ano case 200.000 persoas que soben e baixan dos trens de Renfe. Dita decisión suporía deixar importantes núcleos de poboación sen o servizo presencial de información e venda de billetes e implicando, nalgúns dos casos o peche e estacións que quedarían sen persoal. Unha decisión que afondaría no deserto demográfico no que se está a converter o noso medio rural.

O que noutro era unha única empresa pública está a ultimar entre as dúas compañías en que se dividiu o traspaso da venda de billetes e información ao público. Tratábase de que este servizo que agora presta Adif, sexa xestionado por Renfe-Viajeros. O proceso de transvase do persoal, avanza nas estacións das sete cidades e máis na de Vilagarcía, onde 82 persoas desenvolven estas funcións. Non entanto, nin Renfe nin Adif estaban daquelas a incluír a venda de billetes nin a atención ao público nas estacións nas que estes labores non é realizado por persoal do departamento comercial, senón no de circulación. Renfe, ao cabo, non prevía asumir este persoal, e Adif afirmaba que non o mantería senón ocupa tempo dabondo en labores alén das comerciais.

En xaneiro de 2017 o Grupo Parlamentario Socialista preguntaba en Pleno á conselleira de Infraestruturas e Vivenda por esta situación. A resposta da conselleira, segundo se reflicte no propio Diario de Sesións

 Grupo Parlamentario

da Cámara, apuntaba ao cambio de funcións do *“persoal de ADIF Circulación, que aínda que non fora o seu cometido principal, realizaría as funcións de información e venda de billetes, o que en ningún caso suporía mingua de postos de traballo”*

Recentemente coñecíamos a intención de Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións do Barco e A Rúa-Petín. A entidade publicou no seu perfil do contratante a licitación dos servizos de información, atención ao cliente, venda de billetes e servizos básicos e complementarios de ambas as estacións, con senllos contratos por 12 meses e un importe de 41.792 e 40.378 euros respectivamente.

En canto ao perfil do futuro persoal de atención ao público, o prego de prescricións técnicas establece que han de ter unha formación como mínimo de ESO ou equivalente, falar perfectamente galego e castelán e ter coñecementos básicos de inglés ou de francés, así como dominio no uso de contornas informáticas a nivel de usuario. Segundo afirmou o sindicato CXT, no caso destas dúas estacións ourensás afectaría a unha media de 160.000 viaxeiros anuais, cos datos de 2016, ano no que se venderon na estación do Barco de Valdeorras máis de 14.000 billetes e máis de 10.000 na da Rúa.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Goberno galego a intención de Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de O Barco e A Rúa-Petín?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da intención de Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de O Barco e A Rúa-Petín?
3. Considera o Goberno galego que con esta decisión se vai a manter a calidade do servizo nestas dúas estacións?
4. Sabe o Goberno galego se a intención de Adif é privatizar de maneira definitiva a atención ao viaxeiro nas estación de O Barco e A Rúa-Petín?

5. Solicitou a Xunta de Galicia a Adif que este servizo que se presta nestas estacións siga sendo público?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/02/2018 18:50:34

Raúl Fernández Fernández na data 16/02/2018 18:50:40

María Luisa Pierres López na data 16/02/2018 18:50:44

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Durante os últimos días de novembro e primeiros de decembro de 2017, responsables do Goberno da Xunta de Galicia, nomeadamente o conselleiro de Sanidade e o presidente da Xunta de Galicia, encomiaron e apoiaron o nomeamento de Rocío Mosquera como directora-xerente de Galaria.

Non entanto, o venres 15 de decembro de 2017 o Diario Oficial de Galicia publicaba, no apartado IV Oposicións e Concursos, páxina 56762, a Orde do 1 de decembro de 2017 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo en Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. Concretamente a convocatoria diríxese á convocatoria para a posición de director-xerente da citada empresa pública. Nesta convocatoria se anuncian prazos de presentación de solicitudes, ofrécense formularios e anúncianse o procedemento de resolución.

Esta inconsistencia de convocar un posto de persoal directivo dunha empresa pública, dúas semanas despois de anunciar o nomeamento da persoa concreta, vulnera todos os procesos de igualdade de oportunidades e de limpeza procedemental. A preguntas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dende a Consellería de Sanidade afirmouse que o nomeamento previo foi feito de maneira provisional, e afirmouse que sería por un máximo de tres meses.

No Diario Oficial de Galicia do día 1 de febreiro dáse publicidade da Resolución do 22 de xaneiro polo que se resolve nomear a Rocío Mosquera como directora-xerente de Galaria, posto que xa ocupaba por aquel nomeamento provisional.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia ter actuado con total limpeza no procedemento de convocatoria e posterior resolución do posto de director/a-xerente de Galaria?
2. Cree a Xunta de Galicia que estivo garantida a igualdade de oportunidades para acceder ao concurso público convocado o 15 de decembro?
3. Considera a Xunta de Galicia que a Resolución do 22 de xaneiro do nomeamento de Rocío Mosquera pode ser estimado como totalmente transparente?
4. Como valora a Xunta de Galicia a calidade democrática do proceso referido?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2018 18:48:15

Noela Blanco Rodríguez na data 16/02/2018 18:48:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Debido ao retraso e abandono da infraestrutura ferroviaria en Galicia e a falta de vontade política para dinamizar o transporte por este medio, o transporte por estrada soporta a práctica totalidade dos movementos loxísticos que transcorren dentro do noso territorio.

A AP-9 é, ademais de cara, pouco atractiva para o transporte de mercadorías. Así o demostra o escaso tráfico de camións que presenta. A pesar de ser a terceira autoestrada do Estado en número de vehículos e en ingresos anuais (138,6 millóns de euros en 2016), é a número 18 no que respecta a volume de camións.

A AP-9 ten nestes momentos a porcentaxe de camións máis baixa dende o ano 2009. Só 1.888 dos 22.659 vehículos que transitan por ela son vehículos pesados. Un descenso tan significativo non pode atribuírse a mera casualidade. A que pode deberse? O aumento indiscriminado das súas tarifas seguro que ten moito que ver. Os prezos son tan altos que os camioneiros e camioneiras prefiren asumir os riscos que entraña conducir por estradas en peor estado.

Esta situación supón un inconveniente para o desenvolvemento económico e social de Galicia, provocando molestias á cidadanía, perda de competitividade nos transportes e maior sinistralidade.



Nas vías que transcorren paralelamente á AP9 atópanse algúns dos puntos negros con maior sinistralidade da nosa rede de estradas, como é o Km12 da A55 que leva catro anos consecutivos sendo o punto de maior sinistralidade de todo o Estado, duplicando á segunda autovía con maior sinistralidade.

Outro exemplo é a N550 que transcorre paralelamente á AP9 e concentra unha alta sinistralidade, unha vía cunha altísima intensidade media de vehículos diarios e que atravesa moitos núcleos moi poboados, pola que circulan moitos vehículos pesados.

O máis racional coa AP9 é recuperala para o público e transferila a Galicia, xa que é unha autoestrada que transcorre unicamente por Galicia, para que dende a Administración galega se tomen as decisións máis acaídas para defender os dereitos das galegas e o noso desenvolvemento económico, ao tratarse da estrada que vertebra o eixo atlántico de Norte a Sur, a zona de maior dinamismo social e económico de Galicia.

Mentres esa situación non se da, debido a intereses alleos ós da cidadanía, entendemos que a Xunta de Galicia debe utilizar a súa posición na Comisión da AP9 para acadar todas as melloras que sexan posible para os intereses de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Ten feito algo o Goberno da Xunta de Galicia para rebaixar os prezos das peaxes para as persoas transportistas?



2.^a) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o prezo das peaxes para vehículos pesados é axeitado?

3.^a) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que os prezos a transportistas non supoñen unha penalización para o noso desenvolvemento social e económico?

4.^a) Vai a facer algo o Goberno da Xunta de Galicia para defender unha rebaixa dos prezos da AP9 para transportistas?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/02/2018 10:36:55

Antón Sánchez García na data 19/02/2018 10:37:03

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A veciñanza, agrupada na Asociación de Afectados polas louseiras do Val do Río Baos, formada por habitantes das parroquias de Lindín e Santa María Maior, está afectada pola actividade de dúas louseiras situadas no Val do Río Baos, en Mondoñedo, e levan anos denunciando o grave impacto negativo que está a ter nas súas propiedades, nos acuíferos, e na contorna ambiental dita actividade.

Os danos, tanto nas propiedades privadas como en camiños públicos, nas vivendas, nos acuíferos e na contorna, son cuantiosos.

Prodúcese contaminación ao encoro que subministra auga ao concello de Lourenzá, prodúcense impactos nas casas derivados das voaduras e existe unha balsa de decantación a piques de sobordar que preocupa enormemente debido á súa proximidade ás vivendas e ao río; preocupación que se intensifica cos recentes acontecementos en Touro de desborde dunha balsa que afectou a un regato.

Sofren tamén polo estado lamentable no que deixan os camiños os vehículos que operan para a empresa.

A finais de novembro a empresa produciu un derribo con efectos perniciosos nas propiedades privadas próximas e na vía pública de titularidade municipal que da acceso aos terreos dedicados a uso agro gandeiro. Unha vía que quedou inutilizada, do mesmo xeito que outros camiños que chegaron a desaparecer.

Isto prodúcese sempre que a empresa realiza voaduras con material explosivo.



Ademais prodúcense verteduras contaminantes pola filtración de gasóleo que acaban no Río Baos (afluente o río Masma que desemboca na Ría de Foz) que abastece de auga potable ao concello de Lourenzá. Observouse que as verteduras de gasóleo débense a un total incumprimento do transporte desta substancia.

O modo de proceder da empresa resulta absolutamente censurable non só por incumprir normativas establecidas e continuar na mesma liña, senón tamén polo trato tan degradante que está a dar aos veciños e veciñas afectados, con continuas presións para que abandonen os seus lugares de residencia e traballo agrícola.

Fronte a esta realidade a Xunta de Galicia mostra unha pasividade total ante as denuncias da veciñanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Coñece a Xunta de Galicia a situación pola que están a pasar veciños e veciñas e as continuas ilegalidades e incumprimentos das normativas en seguridade e en saúde ambiental por parte de Lousas Veira do Río S. L., no municipio de Mondoñedo, cun negativo impacto no medio ambiente, nos acuíferos, nas vivendas, nas propiedades privadas e nas vías públicas?
- 2.^a) Que actuacións levou a cabo ante esta situación?
- 3.^a) Incoáronse expedientes e, en última instancia, acordouse algunha medida sancionadora ao respecto?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García



Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 19/02/2018 11:22:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26419
Data envío: 19/02/2018 11:35:18.792

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. As listas de agarda nos Centros de Saúde de Combarro e Anafáns estanse incrementando como consecuencia da decisión da Xunta de Galiza de non substituír ao persoal sanitario cando está de baixa ou de permiso. Hai esperas de máis de doce días para unha consulta co médico de cabeceira e para as analíticas. Moitas persoas que precisan dun seguimento personalizado agora non poden ser atendidas, ocasionando trastornos no seu tratamento, e en moitos casos vense obrigadas a acudir as Urgencias, co conseguinte colapso deste servizo. O persoal sanitario está a soportar unha sobrecarga de traballo, chegando mesmo a prolongar a súa xornada laboral, ao ter que atender o cupo de compañeiros.

2. O concello de Poio leva xa demasiado tempo esperando por un Centro de Saúde dotado de medios materiais e humanos como correspondería para unha poboación de máis de 17.000 habitantes que no período de verán duplícase. Pero a falta de compromiso da Xunta de Galiza coa Atención Primaria está a deteriorar gravemente a asistencia sanitaria no Concello de Poio. Para dar resposta a esta situación e corrixir as graves carencias que existen na actualidade, a Consellaría de Sanidade debe axilizar os trámites para a construción do Centro de Saúde que se merece Poio, e ademais debe asumir o compromiso de manter as actuais infraestruturas sanitarias de Combarro e Raxó.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26419
Data envío: 19/02/2018 11:35:18.792

3. A reforma da Lei de Saúde de Galiza que o PP pretende levar adiante, en contra dunha maioría de cidadáns que así o manifestaron o pasado día 4 en Santiago, ven agravar aínda máis as carencias da Atención Primaria, restándolle recursos materias e humanos. O Partido Popular está empeñado en cambiar o actual modelo de sanidade pública gratuíta e universal por un sistema privatizado, detraendo recursos económicos públicos e transferíndoos ao sistema privado a través de concertos e desvío de doentes do sistema público. A Reforma da Lei de Saúde que propón está pensada para dotar ao SERGAS de mecanismos legais que permitan baleirar o actual sistema público en beneficio da sanidade privada.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Cales son as previsións da Xunta de Galiza a respecto do novo centro de saúde de Poio en canto a prazos de construción, orzamento, prestacións e servizos?
2. Prevé manter os consultorios periféricos de Raxó e Combarro, tal e como ven reclamando a corporación Municipal de Poio.
3. Que medidas pensa adoptar para rematar coas listas de agarda en Poio (consecuencia de non cubrir as baixas dos facultativos en situación de Incapacidade ou licenza Temporal)?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 11:35
Nº Rexistro: 26419
Data envío: 19/02/2018 11:35:18.792

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2018 11:27:55

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 11:28:02

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 11:28:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/02/2018 11:28:06

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2018 11:28:07

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2018 11:28:09

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A normativa europea que regula os fondos pesqueiros establece que o Desenvolvemento Local Participativo se levará a cabo a través de estratexias integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.

Nesta liña vai o Programa Operativo de España para o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Ante isto, a Consellería do Mar, a través da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, puxo en marcha as actuacións conducentes á elaboración e aprobación destas estratexias a través dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALPs).

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) son asociacións sen ánimo de lucro compostas por entidades que representan os intereses socioeconómicos locais públicos e privados dentro dunha zona. Na actualidade, xa se levan constituído en Galicia un total de sete grupos, sendo ademais Galicia a primeira Comunidade Autónoma do Estado en seleccionar grupos e estratexias.

A través destes proxectos contribúese a abordar cuestións tan importantes e que permitan fortalecer as zonas costeiras como pode ser a de aumentar o emprego e a cohesión territorial nas comunidades pesqueiras e acuícolas, fomentar o emprego feminino, diversificar as actividades realizadas no marco da pesca e respecto de outros sectores da economía marítima, etc..

O pasado 4 de xaneiro publicábase dúas novas ordes de axudas para proxectos que se presenten este ano 2018. Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes cuestións:

1. En que consisten estas novas ordes de axudas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca publicadas o 4 de xaneiro de 2018?

2. Cales son os importes destas novas axudas para esta anualidade?
3. Que valoración fai da evolución desta liña de traballo desde 2009?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 19/02/2018 14:15:44

Carlos Enrique López Crespo na data 19/02/2018 14:15:53

María Ángeles García Míguez na data 19/02/2018 14:16:01

Alberto Pazos Couñago na data 19/02/2018 14:16:08

Marta Rodríguez Arias na data 19/02/2018 14:16:35

María Soraya Salorio Porral na data 19/02/2018 14:16:42

Daniel Vega Pérez na data 19/02/2018 14:16:52

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O presidente Feijoo, a pesar de todas as promesas feitas dende 2010, segue a negar o servizo de Hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) o que supón que todos os doentes que sufran un infarto fóra das “horas de oficina” ou en fin de semana, teñen que ser trasladados a outro hospital co risco que isto supón dado que toda a literatura científica sostén que é necesario que non se supere o prazo de 120 minutos para recibir unha angioplastia primaria.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Cantos doentes de infarto recibiron un tratamento de hemodinámica no HULA nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018?

2ª.) Cantos doentes de infarto foron trasladados dende o HULA, ou outro calquera dos servizos sanitarios da provincia de Lugo, ao Hospital Universitario da Coruña nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/02/2018 17:44:08

Julio Torrado Quintela na data 19/02/2018 17:44:28

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/02/2018 17:44:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Asistimos non fai moito tempo a gravísimas situacións de vulneración do dereito á saúde sexual e reprodutiva das mulleres así como ao dereito da interrupción do embarazo, con derivacións fóra do territorio galego, provocando verdadeiros riscos para a saúde das mulleres afectadas.

Todo isto nun contexto de desmantelamento progresivo de servizos públicos que teñen afectado de xeito moi duro ao dereito á saúde así como axudado a aumentar aínda máis a desigualdade existente entre homes e mulleres, sendo as mulleres as que sempre teñen máis que perder.

Pero ademais da saúde sexual e reprodutiva ou as enfermidades xinecolóxicas, en materia sanitaria a atención á saúde das mulleres, tamén debe terse en conta en enfermidades comúns que poden manifestarse con signos e síntomas diferentes, así como no estudo de factores sociais e culturais que afectan tanto física como psiquicamente ás mulleres, debendo ser reforzado todo isto con recursos públicos suficientes que permitan dar cumprimento aos plans elaborado, coa finalidade de mellorar en conxunto a saúde das mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1^a) Ten informes a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento do Plan Integral de asistencia ás mulleres?

- 2ª) Cales foron os recursos e mecanismos dos que se dotou ao SERGAS para poñer en marcha dito Plan?
- 3ª) Que medidas tomou o Goberno galego para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos nos centros da rede sanitaria pública?
- 4ª) Cando pensan cubrir as demandas dos Centros de Saúde de Atención Primaria, especialmente no rural?
- 5ª) Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Primaria?
- 6ª) Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Especializada?
- 7ª) Que medidas vai garantir o Goberno para dar cumprimento ás prestacións no servizo público en materia de saúde sexual e reprodutiva e planificación familiar?
- 8ª) Que política está levando a cabo a Consellería de Sanidade en materia de anticonceptivos e métodos de prevención de transmisións de enfermidades sexuais para as mulleres?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 10:07:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 26428
Data envío: 19/02/2018 12:42:27.009

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a supresión da liña de autobús directa entre Lugo e Vigo.

O novo Plan de transporte por autoestrada deseñado pola Xunta de Galiza inclúe a supresión da liña de autobús que unía até o de agora de maneira directa as cidades de Lugo e Vigo. De acordo coa información proporcionada pola empresa concesionaria do servizo manterase tan só os venres e os domingos en dous únicos horarios

A supresión da liña prexudica non só á poboación da cidade de Lugo, tamén a comarcas como A Ulloa e a concellos como o de Lalín que conectaban coa cidade olívica e entre elas a través desta liña.

Cómpre sinalar o agravio comparativo no que se atopa o interior do país a respecto das conexións de transporte terrestre, especialmente na provincia de Lugo cuxa capitalidade é a única de todo o país que apenas conta cun servizo ferroviario, moi precario, á Coruña e Monforte así como escasas frecuencias de autobús entre as súas localidades e comarcas co resto de Galiza.

Alén diso, infraestruturas prometidas desde hai décadas como a autovía Lugo-Compostela continúan aínda sen rematar.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 26428
Data envío: 19/02/2018 12:42:27.009

Neste contexto, as novas liñas e rutas que a Xunta de Galiza deseñou no marco do novo Plan de Transporte lonxe de mellorar a precaria rede de transporte colectivo, está a illar aínda máis o interior.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a supresión da liña de autobús directa Lugo-Vigo?

- Cre que mellorou o novo Plan de transporte a conexión terrestre das comarcas luguesas en particular e do interior do país en xeral?

- Por que concesionou o servizo o Goberno galego á mesma empresa que o viña prestando permitindo que fose suprimida esta liña?

- Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para restituír o autobús directo entre Lugo e Vigo así como garantir unhas frecuencias e conexións acaídas ás necesidades da poboación das localidades e comarcas polas que transcorre?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 26428
Data envío: 19/02/2018 12:42:27.009

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2018 12:38:46

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 12:38:51

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 12:38:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/02/2018 12:38:54

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2018 12:38:55

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2018 12:38:57

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nestes días tivemos noticia de que, en Touro (A Coruña) desbordou unha das balsas relacionadas coa mina de cobre. Foron as abundantes chuvias as que provocaron o reborde da balsa, podendo provocar así un deterioro das masas de auga que existen na contorna, mais nada sabemos do que ten feito Augas de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente ou a Dirección Xeral de Minas ao respecto.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego con relación ao desbordamento dunha das balsas relacionadas coa mina de cobre de Touro (A Coruña)?
2. Que accións ten tomado o Goberno galego para a protección dos recursos medioambientais que resultaran afectados polas balsas da mina de Touro?
3. Que medidas vai tomar o Goberno para evitar a afectación deses recursos medioambientais no futuro?
4. A día de hoxe, pode garantir o Goberno o bo estado dos recursos hídricos?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/02/2018 11:17:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/02/2018 11:18:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/02/2018 11:18:09

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2018 11:18:15

María Luisa Pierres López na data 20/02/2018 11:18:19

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A semana pasada o voceiro do PP no Concello de Santiago (ex conselleiro de Medio Ambiente e ex alcalde da cidade) chegaba ao río Sar coa idea de denunciar o terrible estado de contaminación que sofre o río pola insuficiente capacidade da edar.

Ata aí todo ben, pois é coñecido o grave estado de contaminación do río polas deficiencias da edar e polo desleixo do Goberno (Santiago agarda por unha nova depuradora dende hai anos), de tal forma que é posible que estea afectando ata á ría de Noia. O problema chegou cando o voceiro do PP colleu unha póla, fixo un burato no chan e foi guindando o lixo que sacaba ao río e que este arrastraba.

O presidente da Xunta de Galicia xustificaba días despois que “no río Sar se está vertendo sen depurar e iso implica responsabilidades”. O que non deixa de ser certo, a propia Lei de augas de Galicia 9/2010 tipifica como infracción leve (artigo 85.e) os vertidos que podan alterar a calidade da auga ou as condicións ambientais ou hidráulicas, sen autorización, cando non existan danos para o dominio público ou cando estes non sexan superiores a 15 000 euros.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que lle parece ao Goberno galego que o voceiro do PP en Santiago de Compostela collera unha póla, fixera un burato no chan e fora guindando o lixo que sacaba da marxe do río Sar?
2. Entende o Goberno que esta actitude encaixa no artigo 85.e da Lei de augas de Galicia 9/2010?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Vai sancionar o Goberno esta acción do Señor Agustín Hernández?
4. Entende o Goberno que merecería máis sanción por ser feita por un ex conselleiro de Medio Ambiente e ex alcalde da cidade e con publicidade e ostentación?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/02/2018 11:18:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/02/2018 11:18:49

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2018 11:18:56

María Luisa Pierres López na data 20/02/2018 11:19:01

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A pataca (*Solanum tuberosum*) colleu carta de natureza nas nosas leiras a partir do século XIX e axudou notablemente na mantenza das familias do noso país, mesmo permitiu aguantar en mellores condicións os envites da fame. Desde esa época forman parte tanto da paisaxe como da dieta e tradición culinaria galega.

A pataca na comarca de Xinzo de Limia ten unha importancia vital, tanto social coma economicamente. É unha rexión onde a pataca forma parte da súa idiosincrasia, estando moi presente tanto na gastronomía da zona como na súa comercialización, especializándose cada vez máis e abrindo novos mercados internacionais.

Os produtores da zona son capaces de combinar a tradición coa innovación facendo da pataca de Xinzo un alimento de calidade suprema.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos das inspeccións aos almacéns de produtores de pataca na comarca de Xinzo de Limia, levedas a cabo pola Consellería do Medio Rural durante o mes de xaneiro de 2018?

2ª) Cales foron os resultados das inspeccións aos almacéns de produtores de pataca na comarca de Xinzo de Limia, levedas a cabo pola Consellería do Medio Rural durante o mes de xaneiro de 2018?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/02/2018 13:24:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 20/02/2018 13:25:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre o cambio realizado nos informes da Xunta de Galicia sobre a ampliación da canteira de Granitos Fernández Fernández en Saiar

En 2011, a antiga Consellería de Industria freou en Xiabre tres proxectos de explotación de canteiras que trataban de invadir a conca do Xiabre e terían afectado aos próximos xacementos de petróglifos do monte Xiabre que cos seus 641 metros de altura constitúe un dos teitos da zona sur de Arousa. As súas ladeiras divídense entre Vilagarcía, Caldas e Catoira, que á súa vez se reparten o seu importante patrimonio paisaxístico, arqueolóxico, artístico e etnográfico. No que se refire á riqueza arqueolóxica hai que destacar numerosos petróglifos que dan mostra da longa historia desta zona da ría de Arousa que, como dicíamos, poderían ser postos en perigo pola actividade da canteira.

Unha das tres iniciativas paralizadas consistía na ampliación da canteira que a empresa Granitos Fernández Fernández tiña funcionando en Saiar, moi preto do cumio do monte que domina o fondo da ría de Arousa. Aquel proxecto, que en principio recibiu unha consideración negativa na Xunta, acaba de recibir o visto e prace da Administración autonómica. Deste xeito, a declaración de impacto ambiental, a diferenza da realizada no 2011, agora é positiva.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que motivos xustifican o cambio de criterio da Xunta de Galicia?



2.ª) Ten considerado o Goberno galego o perigo que a ampliación da canteira pode supor para a conservación dos petróglifos de Xiabre?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 16:13:27

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 16:13:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26553
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a diversos arranxos na zona portuaria da Pobra do Caramiñal.

“Portos de Galicia” é titular de varias infraestruturas situadas no casco urbano de A Pobra do Caramiñal e que son de uso cotián por parte dos veciños e veciñas de dita localidade e de moitas outras persoas que visitan habitualmente ese municipio.

Posiblemente a máis importante e a rúa que vai dende a entrada ao porto comercial da Pobra até o Paseo dos Areos (Rúa Fernández Albor e continuación), así como a zona de aparcamento libre situada no recheo portuario, que presentan un deterioro enorme cun firme en moi mal estado e diversas fochancas que ocasionan trastornos evidentes e xa teñen causado danos en vehículos.

Após as reiteradas protestas sobre a situación da rúa, Portos de Galiza fai unhas declaracións públicas recollidas nos medios de comunicación comarcais nas que anuncia a súa intención de arranxar o estado da vía.

Os veciños e veciñas da Pobra comprobamos con estupefacción como o arranxo anunciado reduciuse a un simple tratamento superficial nas zonas de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26553
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

fochancas cun material pouco consistente. De tal xeito que as chuvias destos días levantaron ese tratamento superficial deixando unha situación aínda peor, coa grava solta acumulada en montóns, as fochancas novamente abertas e o deterioro da totalidade da rúa sen arranxar.

Por outra parte na zona de aparcamento libre situada no recheo portuario atopámonos cunha situación de inseguridade viaria. Esta zona consta de catro vías paralelas á liña da costa, dúas para cada sentido de circulación, e outras tres de intersección con eses catro vías que dan acceso as prazas de aparcamento.

Pois ben, a sinalización horizontal está nunha situación que impide a súa visualización correcta, e a sinalización vertical é inexistente na inmensa maioría das interseccións. Todo isto está a ocasionar moitas situacións de risco e perigos na circulación de vehículos, sobre todo nas temporadas turísticas coa chegada ao concello de moitas persoas que descoñecen os sentidos de circulación existentes nesta zona.

Ademais Portos de Galicia incumpe coa obriga de manter en condicións a iluminación do espazo, de xeito que son máis os días do ano sen iluminación que con ela, creando inseguridade na xente que se move entre o casco urbano e o aparcadoiro.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26553
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

1.- Que valoración realiza a Xunta de Galiza e Portos de Galiza sobre a actuación de mellora da rúa Fernández Albor e a súa continuación até o Paseo dos Areos?

2.- Son coñecedores do resultado final desa actuación e da inutilidade para arranxar os problemas que presenta a rúa?

3.- Considera a Xunta de Galiza e Portos de Galiza que os veciños e veciñas da Pobra non son merecedores dunha infraestruturas decentes e acordes coas necesidades que teñen que cumprir?

4.- Ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza deixar a situación desta rúa no estado actual?

5.- Que actuacións ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza levar adiante que permitan arranxar dunha forma satisfactoria a situación da vía cun tratamento que renove a totalidade do seu firme?

6.- É coñecedora a Xunta de Galiza e Portos de Galiza da situación de inseguridade viaria que se produce na zona de aparcamento no recheo portuario da Pobra do Caramiñal? Que valoración lle merece esa situación?

7.- Ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza deixar a situación desta zona de aparcamento no estado actual?

8.- Ten previsto a Xunta de Galiza e Portos de Galiza levar adiante actuacións que permitan dotar dunha sinalización vertical e horizontal completa a esta zona?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26553
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

9.- Como vai resolver Portos de Galiza a situación de inseguridade viaria causada pola falla de iluminación do aparcadoiro e que actuacións ten previsto realizar na zona obxecto desta pregunta para arranxar de xeito satisfactorio a condición de iluminación do aparcadoiro?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2018 16:34:52

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2018 16:34:59

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2018 16:35:02



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 16:36
Nº Rexistro: 26553
Data envío: 20/02/2018 16:36:41.040

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2018 16:35:03

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2018 16:35:04

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2018 16:35:06

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Plan de sinalización de bateas de Portos de Galicia anunciado xa en 2015 está sen executar na actualidade, todo iso a pesar de que hai máis de 3.000 artefactos, e que afecta a unhas 4.000 embarcacións. Portos do Estado aprobou a finais do ano 2017 a proposta galega.

No mes de abril do ano pasado houbo que lamentar o sinistro dun cerqueiro, con perda de vidas humanas. Naquel momento reactivouse o debate sobre a necesidade de balizar os polígonos mexilloeiros.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego ter comprometido un plan no ano 2015 e que a día de hoxe estea sen levar a cabo, tratándose dun tema relativo á seguridade das persoas que traballan no mar?

2ª) Cales son os trámites que levarán a cabo para a execución do Plan de sinalización de bateas?

3ª) Cales son os prazos que estima o Goberno galego serán precisos para que un plan anunciado por Portos de Galicia en 2015 se faga efectivo?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/02/2018 14:07:36



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 20/02/2018 14:07:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 26560
Data envío: 20/02/2018 17:24:12.289

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O pasado mes de agosto presentouse a solicitude de reapertura, da mina nos concellos de Touro e O Pino para reiniciar a extracción de cobre. Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis, novos xacementos colindantes con estes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha. Dos cales só o 30% son terreos xa afectados pola explotación anterior. Vai a afectar case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos ó complexo mineiro.

O proxecto contempla volver escavar as cortas xa explotadas nos anos 70/80 , nalgunhas das cales se levaron a cabo labores de restauración para resolver o problema ambiental que xerara a anterior mina .

Xunto a explotación desas catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que darán lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para ás actuais actividades agrícolas ou forestais. Afecta a máis de 400 parcelas de terreos de propiedade particular que na súa maior parte, máis de 350Has, foron obxecto de concentración parcelaria.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 26560
Data envío: 20/02/2018 17:24:12.289

Así mesmo afectará a varias decenas de explotacións gandeiras que perderán unha parte moi importante da súa base territorial.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Destináronse fondos públicos para os labores de restauración que se realizaron na mina nas cortas que agora vanse voltar abrir?
- Cal foi o coste que lle supuxo á administración galega realizar a concentración parcelaria nos núcleos de Arinteiro (Loxo) no concello de Touro e en San Sadurniño e o Castelo (Cebreiro) no concello de O Pino?
- Que opinión lle merece que desaparezan máis de 350 Has de fincas parceladas?
- Que contías da PAC se teñen investido nas explotacións afectadas?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 17:24
Nº Rexistro: 26560
Data envío: 20/02/2018 17:24:12.289

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2018 17:21:08

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2018 17:21:12

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2018 17:21:14

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2018 17:21:15

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2018 17:21:16

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2018 17:21:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatización levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano.

O cadro de persoal aprobado contempla a creación ou recoñecemento de 123 prazas e a amortización de 75.

Entre as singularidades deste novo cadro de persoal figura a creación de 20 prazas de operador montador de vídeo, unha categoría profesional que, segundo temos entendido, desaparecerá ou sufrirá grandes cambios coa dixitalización en marcha así como a amortización de 3 asesores lingüísticos.

Segundo se ten denunciado polos representantes dos traballadores, produciuse unha aprobación “express” sen ter negociado con eses representantes; ademais, tamén se denuncia que ese novo cadro se probou a pesar de que contén erros.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera que o novo cadro de persoal aprobado foi obxecto de negociación suficiente cos representantes dos traballadores?

2ª) Existen casos de traballadores con sentenza firme cuxos postos non figuran no cadro de persoal aprobado, de ser así, que solución ten pensado arbitrar para resolver eses casos?



Grupo Parlamentario

3ª) Responde este cadro de persoal ás necesidades que terá a CRTVG unha vez que remate o proceso de dixitalización, é dicir, fíxose unha análise de cales serán as necesidades nese momento ou, haberá que convocar algún tipo de concurso para a cobertura das prazas necesarias para dotar os postos derivados da nova tecnoloxía e para substituír os traballadores que se xubilen ao longo deste período?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2018 19:19:19

Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2018 19:19:26

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O Camiño de Santiago é un recurso fundamental para Galicia que ninguén dubida, porén, non hai moitos estudos que recollan a realidade do seu impacto socioeconómico.

Por iso, resulta moi axeitado o convenio realizado o ano pasado entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para realizar, precisamente, un estudo que permita coñecer o alcance da pegada do Camiño de Santiago na nosa Comunidade Autónoma .

Os datos deste estudo serán unha ferramenta moi útil para todos os axentes públicos e privados e servirán, por unha banda, para que as administracións públicas poidan planificar sobre unha base documental a súa acción de goberno e, por outra banda, serán de gran utilidade para o sector privado porque permitirá identificar nichos de oportunidades, negocio e emprego.

Polo exposto os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración que, desde a Xunta de Galicia, se fai sobre o estudo de impacto socioeconómico do Camiño de Santiago realizado pola Universidade de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2018 10:20:23

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2018 10:20:32

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2018 10:20:39



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 10:39
Nº Rexistro: 26710
Data envío: 22/02/2018 10:39:01.502

María Isabel Novo Fariña na data 22/02/2018 10:20:48

Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2018 10:21:01

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2018 10:21:10

Sandra Vázquez Dominguez na data 22/02/2018 10:21:20

Paula Prado Del Río na data 22/02/2018 10:21:32

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2018 10:21:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O vindeiro mes de decembro cúmprense 25 anos da inscrición do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade despois da aceptación pola UNESCO da candidatura presentada por España e Francia na súa sesión de Cartagena de Indias do 6 de decembro.

O Camiño de Santiago francés pasaba, deste xeito a formar parte dos bens culturais que acadaban a máis alta distinción a nivel internacional, dando así un paso fundamental na súa consagración como patrimonio cultural.

Desde este momento o fortalecemento do Camiño de Santiago é un feito e a súa internacionalización un logro que se foi incrementando ano tras ano.

Hoxe o Camiño é un símbolo universal de encontro entre os pobos, de lugar de intercambio de culturas, ideas e pensamentos, unha experiencia vital que conxuga a historia e o patrimonio cultural coas expresións artísticas, coa natureza e a paisaxe, entre outras cualidades.

O Camiño está cada día máis vivo e non pode haber mellor xeito de celebrar estes 25 anos da súa declaración como Patrimonio da Humanidade que reivindicar a súa vixencia e os seus valores de carácter universal .

Por iso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a proposta da Xunta de Galicia para a celebración dos 25 anos da declaración do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 10:39
Nº Rexistro: 26714**
Data envío: 22/02/2018 10:39:56.551

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2018 10:32:21

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2018 10:32:29

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2018 10:32:35

María Isabel Novo Fariña na data 22/02/2018 10:32:41

Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2018 10:32:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2018 10:32:55

Sandra Vázquez Dominguez na data 22/02/2018 10:33:02

Paula Prado Del Río na data 22/02/2018 10:33:10

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2018 10:33:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta n ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Os plans de inspección turística teñen como finalidade velar polo control e garantía dun servizo correcto, primordial para acadar unha mellora da calidade, da eficacia e eficiencia da disciplina turística; así como de protexer do intrusismo laboral tanto aos empresarios como aos usuarios turísticos.

A Área de Inspección Turística de Turismo de Galicia desenvolve o seu labor en torno a cada un dos diferentes tipos de establecementos turísticos para garantir a calidade dos servizos ofertados.

O Plan de Inspección Turística constitúe o marco básico da actuación inspectora por un período determinado.

Rematada a execución do Plan de Inspección Turística de Galicia para o pasado ano 2017, os deputados abaixo asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o balance da actividade inspectora do ano 2017 da Área de Inspección Turística de Turismo de Galicia ?
2. Xa está aprobado o Plan para este ano 2018?
3. De non ser así, ¿cando está prevista a súa aprobación?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 10:40
Nº Rexistro: 26716
Data envío: 22/02/2018 10:40:31.905

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2018 10:36:18

Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2018 10:36:27

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2018 10:36:33

María Isabel Novo Fariña na data 22/02/2018 10:36:39

Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2018 10:36:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2018 10:36:54

Sandra Vázquez Dominguez na data 22/02/2018 10:37:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Os datos do IV trimestre sobre a enquisa de poboación activa (EPA), amosan un forte freo no ritmo de creación de emprego e un moi cativo incremento da poboación ocupada de só 6.200 persoas (1.049.600 IVT2016 - 1.055.800 IVT 2017), un dos máis baixos de todas as comunidades autónomas. Así mentres o aumento xeral en España ascendeu a un aumento da poboación ocupada de 490.300 persoas, a contribución de Galicia foi apenas do 1,3 % soamente. Todo iso con taxas de crecemento similares para España e para Galicia, que (pendentes das cifras oficiais) se deben situar no entorno do 3,1 % en termos de PIB.

Se a taxa de actividade en Galicia non sofre un maior descenso, se debe á alarmante baixada da poboación total da nosa Comunidade. Os últimos datos amosan que Galicia ten unha poboación de 2.708.339 habitantes (IGE 01.01.2017), o que supón una perda de 10.186 persoas respecto a 2016; se comparamos a poboación dos tramos de idade de 20 a 64 anos, a perda de poboación ascende ás 15.105 persoas. Datos que poñen de manifesto unha perda maior de poboación en idade produtiva respecto do total.

Todo o cal configura unha situación preocupante, ao que sen dúbida cabe engadir a precariedade do (escaso) traballo creado no último ano, ante a cal a Xunta de Galicia non está a facer fronte coa debida atención.

Á vista destas cuestións a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como pode o Goberno galego facer unha valoración positiva de tales datos?

Grupo Parlamentario

2ª) Cales son as políticas activas de emprego que aplicou a Xunta de Galicia para favorecer o crecemento da poboación ocupada no noso país no exercicio do 2017?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Vai proseguir coas mesmas políticas en 2018 ou promoverá cambios nelas, se for o caso, cales e en que prazos e contías?

4ª) Cales son os resultados que pretende acadar o Goberno galego coa aplicación das políticas activas de emprego para este exercicio de 2018?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/02/2018 11:40:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/02/2018 11:40:49

Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2018 11:40:57

Á MESA DO PARLAMENTO


Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Na Unión Europea comeza a abrirse o debate sobre os Fondos de Cohesión do período 2020-2027 e os criterios de reparto dos mesmo entre os distintos países membros. Os diferentes escenarios que se presentan para Galicia son negativos, dos tres escenarios posibles que baralla a Comisión Europea, dous deles supoñen que Galicia non recibirá máis fondos, e o terceiro, supón a continuación do status quo actual.

Na actualidade Galicia benefíciase de tales fondos como *nuts2* en transición que é considerada, isto é, rexión onde a renda per cápita sitúase entre o 75% e o 100% da media europea. Deste xeito, Galicia, vai recibir un total de 2.771 millóns de euros polo actual marco 2012-2020.

Os fondos recibidos por Galicia tiñan e teñen un obxectivo claro, asegurar a converxencia económica entre os diferentes territorios no proceso de integración económica da Unión Europea. Os datos amosan que antes da crise, os fondos recibidos por Galicia axudaron a promover a converxencia económica, situándose Galicia no ano 2009 no 84% da media europea en termos de renda per cápita.

Evolución renda per cápita de Galicia en base á media da UE. 2000-2015



Fonte: Eurostat.

Mais o impacto da crise e das políticas de axuste, fixeron reverter este proceso: agora xa non hai converxencia, senón diverxencia. A renda per cápita de Galicia con respecto á media europea, sitúase hoxe en niveis do ano 2003.

Na actualidade Galicia atópase nunha complexa situación económica-social que fai cuestionar profundamente, en primeiro lugar, en que se baseou dito proceso de converxencia, e en segundo lugar, o propio proceso de integración económica da unión Europea.

A retirada dos fondos a Galicia supón afondar na crise na que está inmersa e que se resume principalmente nos seguintes puntos.

1. O mais evidente é o aumento da diverxencia económica rexional que se da a partir do comezo da crise. En apenas cinco anos, Galicia pasou de situarse no 84% da media europea en renda per cápita ao 71%, un descenso de 14 puntos.
2. Galicia afronta un reto demográfico sen precedentes. O noso territorio xunto con Castela León e Asturias, están inmersos nun proceso de

implosión demográfica. Reverter esta situación, precisa dunha considerable intervención do sector público que teña a capacidade de mobilizar un considerable volume de recursos económicos.

3. O conxunto de España e en particular Galicia, seguen nun proceso de forte contención do gasto público e polo tanto de falta de suficiencia de recursos. Os Fondos Europeos representan como media nos orzamentos de ingresos da Xunta de Galicia, o 5,3% do total. Deste xeito a eliminación de tales fondos implicaría seguir afondando na política de contención de gasto público, xa que a insuficiencia de recursos veríase notablemente incrementada.
4. Finalmente, durante os últimos anos a Unión Europea está inmersa nun forte proceso de inestabilidade política e social; o Brexit , gobernos de ultradereita nos países do este, a ameza continua da ultradereita en Francia e nos países do norte de Europa, os refuxiados, centenares de mortes de seres humanos tratando chegar a Europa, o incremento da desigualdade social de forma constante, etc. Así pois, o risco de que estes conflito sigan perpetuándose ou incluso agravándose, debido a unha retirada dos fondos, pode incrementarse substancialmente.

Ante o exposto previamente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Como valora a Xunta que Galicia quede sen Fondos europeos a partir do ano 2020?
2. Como valora a Xunta o impacto que terá nos orzamentos de Galicia a retirada de tales fondos?
3. Ten a Xunta estimado o impacto que terá esta retirada dos fondos nos diferentes sectores económicos de Galicia?
4. Ten a Xunta deseñada unha estratexia para compensar a perda de tales fondos?



5. Vai a Xunta trazar unha estratexia para que Galicia siga sendo perceptora de Fondos?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 22/02/2018 11:56:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26799
Data envío: 22/02/2018 13:55:46.404

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

O Parlamento Galego aprobou no ano 2006, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado. Porén, durante os anos de goberno Feijóo non ten estado na axenda do goberno do Partido Popular apostar por evitar de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións. Máis aínda, a luz dos últimos acontecementos coñecidos, obsérvase unha falta de preocupación polos riscos que o noso país poida estar a padecer derivados da falta de control sobre o transporte e depósito dos residuos nucleares, nomeadamente no tránsito polo noso territorio mariño.

A finais de 2017 cumpríronse os 35 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26799
Data envío: 22/02/2018 13:55:46.404

soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do noso medio e das nosas persoas. Máis aínda, conséntase o mesmo desatendemento por parte do Partido Popular no Estado, quen en 2012 rexeitou unha petición do Bloque Nacionalista Galego no Congreso para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

Recentemente coñecemos como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña, a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, lóxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

Segundo o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galiza correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Polo tanto, nesta cuestión e diante do desatendemento por parte do Estado central, Galiza debe actuar e exercer o seu poder político para, tanto no ámbito do seu traballo como nas negociacións e colaboracións co goberno central e a Unión Europea, facer valer a necesidade de garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26799
Data envío: 22/02/2018 13:55:46.404

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Coñece o goberno galego a quen corresponde a vixilancia das verteduras de refugallos nucleares producidas nas proximidades da costa galega?

-Ten coñecemento o goberno galego da situación de falta de vixilancia descrita? Que actuacións levou a cabo para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza?

-Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen un risco para a saúde das persoas?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

-Ten garantidas a Xunta de Galiza as condicións de seguridade para o tráfico mariño?

-Que informes ten demandado o goberno galego sobre esta cuestión ao goberno central nos últimos 5 anos? E a organismos europeos?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26799
Data envío: 22/02/2018 13:55:46.404

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 13:52:00

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 13:52:04

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 13:52:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 13:52:08

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 13:52:10

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 13:52:11

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa ás verteduras producidas nunha das balsas mineiras en Touro-O Pino.**

Estamos ante un novo desastre medioambiental derivado da actividade mineira en Touro-O Pino. As abundantes choivas dos últimos días provocaron o desbordamento dunha balsa na corta de Bama, causando un novo episodio de contaminación no río Brandelos.

A vertedura da balsa, situada a uns 100 metros da canle fluvial afectada e a unha elevación duns 50 metros sobre esta, é de cor turquesa-branquecina, formando espuma ao baterse e "agravando de xeito preocupante a situación do río Brandelos, que xunto con outras canles fluviais da zona de afección das antigas labores mineiras na zona de Touro, experimenta dende hai anos unha grave problemática ambiental polo desleixo das administracións e os efectos das drenaxes",


Como denuncia a Asociación Aldea Viva, a mencionada balsa é unha balsa mineira e non se trata dunha balsa de decantación de escorrentías executada como parte do proxecto de restauración ambiental, como parece que está a argumentar a empresa que explota a concesión. Esta balsa formaba parte xa no 1983 da explotación mineira, polo que é de prever que os lodos contaminantes, metais pesados e sustancias empregadas na depuración do mineral, encóntranse nela en altas concentracións.

O aporte deste caudal aos cursos fluviais, agrava aínda máis o penoso estado ambiental do Río Brandelos (tributario do Río Ulla). Por todo elo, dada a gravidade da situación Aldea Viva cursou instancias de actuación inmediata á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e a Augas de Galicia para actuar e intervir con prontitude, comunicándollo ao titular dos terreos onde se localiza a balsa para que proceda as actuacións pertinentes para evitar a continuación da contaminación.

Esta situación é "manifestamente incompatible" coa Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), establecida para deter o deterioro do estado das masas de auga en todo o ámbito da Unión Europea e conseguir un bo estado dos recursos hídricos.

Esta norma afirma nas súas consideracións que "a contaminación química das augas superficiais representa unha ameaza para o medio acuático con efectos como toxicidade aguda e crónica para os organismos acuáticos, acumulación no ecosistema e perdas de hábitats e biodiversidade, así como para a saúde humana".

Considera, igualmente, que "é preciso identificar as causas da contaminación e tratar as emisión preferentemente na fonte mesma, da forma máis eficaz en termos económicos e ambientais", algo que, "en aparencia, a Consellería competente en materia de minas da Xunta de Galicia non está a realizar de maneira axeitada, por máis que o Director Xeral de Enerxía e Minas nos fale reiteradamente de «minería sostible» en apoio das empresas que desenvolven a tarefa extractiva”





Ante todo o exposto, **En Marea** presenta as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Que actuacións puxeron en práctica a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade ambiental antes os feitos referidos na exposición de motivos?
- 2.- Despois destes feitos, cales son as afectacións dos recursos hídricos nas zonas afectadas?
- 3.- Pode Augas de Galicia seguir afirmando que o estado das augas dos ríos afectados segue a ser totalmente apto segundo as normativas aplicables?



4.- Que medidas de futuro pensa adoptar a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ante a concesionaria para garantir que estes feitos non se volvan a repetir?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/02/2018 17:06:06

Antón Sánchez García na data 22/02/2018 17:06:16

Marcos Cal Ogando na data 22/02/2018 17:06:23

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os desprazamentos alternativos aos vehículos a motor potencian a preservación do medio ambiente, a saúde das persoas e a loita contra o cambio climático. En Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e a dispersión da poboación. A estrada N-550 é o eixo vertebrador de Galicia para as formas de mobilidade alternativa ao automóbil, xa que comunica as grandes cidades da franxa atlántica.

A estrada N-550 -que vai dende Coruña a Tui- é extremadamente perigosa en varios puntos para todos os usuarios da vía, pero sobre todo para peóns e usuarios de bicicleta pola falla de medidas estruturais que garantan a súa seguridade. O último caso de sinistro grave na N-550 dun colectivo vulnerable foi o atropelo dun usuario de bicicleta que se dirixía ao seu posto de traballo no punto quilométrico 126,600, nun tramo de gran perigo para peóns e ciclistas. E así o teñen trasladado os membros da asociación PEDALADAS que solicitan a todos os grupos parlamentarios da Cámara buscar solucións en toda a N-550 pero sobre todo nese tramo tan perigoso nos concellos de Vilaboa e Pontevedra.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que a estrada nacional N-550 -que vai dende Coruña a Tui- é extremadamente perigosa en varios puntos?
2. Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado, con relación á estrada nacional N-550: a creación de beiravías

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

transitables do maior ancho posible, dende a estación de servizo REPSOL ata o cruce da EP-0105; a instalación de sinalización vertical da obriga de adiantar afastándose 1,5 metros dos ciclistas e da advertencia da súa presenza, cando menos, cada 2 quilómetros no tramo Bértola-Pontevedra; a redución da velocidade a 50km/h no tramo de concentración de accidentes e no estacionamento de vehículos; a adecuación da estrada aos preceptos do Regulamento Xeral de Circulación de 2003, especialmente aos artigos 50 e 90; a mellora da iluminación de toda a estrada N-550 e o fomento da vía verde, cedendo ADIF o tramo Pontevedra-Pontesampaio?

3. Vai crear o Goberno a Mesa Galega da Bicicleta? Cando?
4. Vai incorporar o Goberno un representante das asociacións galegas de persoas usuarias de bicicleta en todas as cuestións de infraestrutura e seguranza viarias que afecten á mobilidade en bicicleta de Galicia e sexan tratadas en ámbito autonómico ou pola Axencia de Infraestruturas Galega?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/02/2018 16:47:35

Raúl Fernández Fernández na data 22/02/2018 16:47:40

María Luisa Pierres López na data 22/02/2018 16:47:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26813
Data envío: 22/02/2018 17:50:49.785

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o incumprimento do réxime de visitas no Castelo de Ameixenda así como as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir o cumprimento da Lei de patrimonio cultural de Galiza.

O "Castelo de Ameixenda é unha fortaleza levantada durante o reinado de Carlos III, no século XVIII.

Construído nunha península de 33.000 metros cadrados, sobre acantilados de 3,5 de alto, foi gardián da ría de Corcubión durante décadas.

A súa primeira pedra colocouse en 1740, e bautizárono «do Príncipe» na honra do futuro rei Carlos IV. A obra foi proxectada polo enxeñeiro Llovet e rematada por Carlos Lemauro.

O 17 de outubro de 1994, o Castelo do Príncipe era declarado Ben de Interese Cultural na categoría de monumento. Cinco anos despois, o 17 de novembro de 1999, o BNG de Cee presentaba unha moción destinada a que se cumprira a lei do patrimonio histórico-artístico con respecto ao Castelo do Príncipe.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26813
Data envío: 22/02/2018 17:50:49.785

Esta iniciativa facía referencia, entre outras cuestións, á obrigatoriedade dos propietarios de abrir o edificio ao público catro veces ao mes, e á obriga do Concello de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural do citado castelo.

Non foi aquela a única ocasión na que o BNG se interesou polo asunto, mais nada cambiou desde a súa declaración, o Castelo segue pechado, o que claramente supón, a mais do incumprimento da devandita lei, a perda dun atractivo turístico no pobo importantísimo.

Malia ter exixido a Valedora do Pobo que lle fose remitida diversa documentación en relación co incumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galiza, despois de ter sido denunciada a situación por parte do BNG en Cee e a Plataforma do Castelo de Ameixenda, a Xunta de Galiza non lle remitiu informe ningún incorrendo, tamén, na vulneración das súas obrigas diante da Valedora.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para que o propietario do Castelo de Ameixenda cumpra coas súas obrigas legais?
- Ten sancionado o Goberno galego o propietario do Castelo por non abrir os catro días que lle exige a lei?
- De ser así, cantas veces e con que contías foi sancionado?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26813
Data envío: 22/02/2018 17:50:49.785

- Diante do seu comportamento reincidente, que actuacións prevé desenvolver a Xunta de Galiza para garantir a apertura do Castelo de Ameixenda así como a promoción e divulgación deste Ben de Interese Cultural?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2018 17:48:16

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2018 17:48:23

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2018 17:48:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2018 17:48:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2018 17:50
Nº Rexistro: 26813
Data envío: 22/02/2018 17:50:49.785

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2018 17:48:28

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2018 17:48:30

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Recentemente varios medios de comunicación fixerónse eco da posible venda do pazo de Meirás. Aínda que foi parcialmente desmentida por un membro da familia do ditador que afirmou que agora non estaba en venda pero que o estaría, a lóxica indica que unha vez morta a filla de Franco, os múltiples herdeiros quixerán vendelo o que representaría a monetarización do botín de guerra que é o que foi o pazo. Por outra parte, tamén é lóxico pensar que quixerán vendelo antes de que se podan tomar medidas xudiciais para a que Meirás pase a dominio público tal como está a pedir a sociedade galega.

Independentemente de que Meirás sexa BIC o que fai a súa venda mais complexa que a de outra propiedade, nada impide que os herdeiros o fagan, o que sería absolutamente inaceptable dado que o pazo está nas mans da familia do ditador a través de expropiacións ilexítimas e expolios.

Precisamente porque o sentido común e a lóxica indican que a vontade de vender o pazo dos herdeiros do ditador non é imposible e que isto complicaría todo o proceso para devolvelo ao dominio público, non se entende que o conselleiro de Cultura minimice o problema e fale de “trampa” dos Franco, ou desvie a atención sobre si alguén quere pagar o prezo que marquen os Franco, cando hai un acordo claro de todas as forzas políticas e institucións implicadas en este problema de non pagar absolutamente por Meirás.

A nosa visión é distinta. Ceemos que é probable que os herdeiros queiran vender Meirás, algo que non podemos permitir e que por tanto é agora mais urxente que fai uns meses ter os ditamines da Comisión de expertos creada para establecer a estratexia xurídica que permita que o

 Grupo Parlamentario

pazo de meirás pase ao dominio público, o mesmo que é necesario ter un plan de actuación se os herdeiros comezan o proceso de venda.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión

1. Como valora o conselleiro de cultura a posibilidade de que os herdeiros de Franco intenten vender o pazo de Meirás?
2. Dado que é claro que todas as forzas políticas, sociais, asociacións da memoria, institucións... queren que o pazo pase a dominio público, se si intenta a venda ten algún plan de acción a consellería para evitala?
3. En que fase están os traballos da Comisión de expertos creada pola Xunta de Galicia para analizar os procedementos que fagan posible o paso de Meirás a dominio público?
4. Cando pensa o conselleiro que teremos un informe desta comisión?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/02/2018 18:23:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/02/2018 18:23:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2018 18:23:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Paula Quinteiro Araujo, David Rodriguez Estévez e Luis Villares Naveira, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na Comisión 7.^a, **relativa ao Plan Forestal de Galicia**.

Asociacións do sector forestal, sindicatos, comunidades de montes, partidos políticos, etc. puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia para instala a que a revisión do Plan Forestal de Galicia se fixese de maneira colaboradora, para ser tal de xerar os maiores valores para a sociedade galega, os seus propietarios forestais, as súas empresas e a súa industria.

Unha revisión do Plan que sexa capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porén a Xunta de Galicia non está a contemplar ningunha das aportacións recibidas e manifesta que vai publicar un Plan Forestal de maneira unilateral. Isto está a producir un profundo rechazo en tódolos sectores afectados empresarial e socialmente.

Consideramos que a súa elaboración presenta carencias importantes. En primeiro lugar, o sector e as entidades sociais non foron consultados na fase de elaboración do borrador do Plan. Tal e como se reflicte na páxina web da Consellería do Medio Rural, na medida 4 propoñíase manter un grupo de traballo como organismo consultivo que revisara e realizara un seguimento da redacción do PFG. Isto non ocorreu.

Na medida 5, sinálase a necesidade de recompilar informes complementarios



sobre oferta e demanda de madeira para alcanzar unha análise máis precisa e con menos incertidumes do recurso madeireiro. Sen embargo, o análise estratéxico non é o axeitado, sendo preciso un plan estratéxico que contemple unha análise máis rigorosa.

Como resultado da medida 4, ao non implicar á todas as entidades afectadas na elaboración do mesmo, o borrador non é de consenso, nin é o resultado dunha análise e discusión cos sectores afectados.

O Plan Forestal de Galicia debe ser un documento estratéxico que debe contar non só coa implicación de todos os axentes que interveñen no sector forestal, senón co de todas as forzas políticas, ámbito académico e sociedade en xeral, cousa que non ten acontecido.

Sería tremendamente irresponsable aprobar un documento desta transcendencia sen darse as circunstancias antes descritas, a non ser que a aprobación do mesmo sea un obxectivo final en si mesmo. É imprescindible poñer en marcha dinámicas de traballo conxunto onde se poidan consensuar as liñas estratéxicas que poderían complementar o documento final.

Tendo en conta que o Plan Forestal de Galicia é unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento do territorio; equilibrio territorial; fomento da industria forestal, da madeira e o moble; a creación de milleiros de postos de traballo no rural galego e moitas outras implicacións, convértese nunha das regulamentacións públicas mais estratéxicas para o noso País. Por elo semella moi irresponsable pretender aprobalo de presa e correndo sen contar cos sectores implicados e sen ter sido debatido no Parlamento de Galicia onde reside a soberanía popular.



Por todo o exposto, **En Marea** presenta as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1.- Pensa a Xunta de Galicia reconsiderar a súa posición actual de publicar o Plan Forestal de Galicia sen contar coas aportacións do sector, das entidades sociais afectadas, sindicatos e partidos políticos?

2.- Considera a Xunta de Galicia que un Plan como o Forestal ten unha importancia estratéxica para o desenvolvemento do País en décadas e por elo debería de ser tramitado, debatido e aprobado finalmente no Parlamento de Galicia?


Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/02/2018 18:28:04

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2018 18:28:11

David Rodríguez Estévez na data 22/02/2018 18:28:18



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727